Sobre a contía do investimento realizado polo Goberno galego para adquirir e rehabilitar inmobles en Ourense no marco do programa Rexurbe

- 9339 - 882 (12/PRE-000831)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 más

Sobre os resultados que están a ter as políticas do Goberno galego dirixidas a garantir a inclusión social en Galicia

- 9337 - 897 (12/PRE-000835)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 más

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da elaboración do Plan estratéxico de servizos sociais ao que se refire a Lei de servizos sociais de Galicia

- 9335 - 957 (12/PRE-000849)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 más

Sobre as previsións do Goberno galego no que concirne ao impulso da reforma da Lei de inclusión social de Galicia

- 9449 - 976 (12/PRE-000853)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia realizadas con anterioridade a 2023 para comprobar o estado da ponte pola que transcorre a estrada OU-536 no concello de Xunqueira de Espadañedo

- 9332 - 1018 (12/PRE-000862)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 más

Sobre a pertinencia do uso dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero para subvencionar eventos como a "cea para mulleres" convocada para o mes de maio en Ceredo-Cotobade

- 9384 - 1046 (12/PRE-000866)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as medidas impulsadas pola Xunta de Galicia dirixidas á mellora da situación das familias monoparentais, especialmente das encabezadas por mulleres



- 9382 - 1054 (12/PRE-000867)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto do envío de informes ao Parlamento de Galicia referidos á execución dos proxectos sociais dependentes de fondos europeos

- 9402 - 1250 (12/PRE-000896)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe á mellora da seguridade viaria na estrada PO-551 entre Bueu e Marín

- 9401 - 1263 (12/PRE-000898)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as listaxes de agarda na tramitación da dependencia

- 9399 - 1270 (12/PRE-000899)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre o novo modelo de coidados e de atención das residencias de maiores que defende o Goberno galego

- 9397 - 1278 (12/PRE-000901)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 más

Sobre a situación xerada polo ingreso nos centros residenciais de maiores de persoas con patoloxías psiquiátricas ou outras que requiren atención específica

- 9330 - 1287 (12/PRE-000902)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 más

Sobre os prazos para a posta en marcha do futuro Centro de Atención a Pessoas con Discapacidade (CAPD) de Ourense

- 9328 - 1352 (12/PRE-000913)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 más

Sobre o orzamento que prevé destinar a Xunta de Galicia á implantación de sistemas de cribado para o diagnóstico precoz do autismo

- 9396 - 1382 (12/PRE-000919)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 5 más

Sobre as modificacións orzamentarias que impulsou ou prevé impulsar o Goberno galego destinadas a executar as principais infraestruturas e actuacións comprometidas para a cidade de Ourense



- 9326 - 1389 (12/PRE-000921)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 3 más

Sobre o problema da perda de poder adquisitivo das pensionistas e dos pensionistas da provincia de Ourense

- 9325 - 1418 (12/PRE-000926)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a valoración e o balance da política en materia de prevención, así como de atención ás víti-mas, das violencias sexuais en Galicia

- 9394 - 1431 (12/PRE-000929)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 más

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne aos problemas de accesibilidade e seguridade xerados pola ampliación da vía de acceso ao Hospital Gran Montecelo, en Pontevedra

- 9526 - 1500 (12/PRE-000939)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as medidas que prevé tomar o Goberno galego en relación co espazo protexido pola Rede Natura 2000 en Galicia

- 9323 - 1536 (12/PRE-000946)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 más

Sobre o balance dos primeiros meses de funcionamento do Protocolo galego contra as violencias sexuais e LGTBIfóbicas

- 9392 - 1604 (12/PRE-000956)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 más

Sobre os avances e as tramitacións que se están a realizar para activar os treitos pendentes da au-tovía do baixo Miño Tui-A Guarda

- 9447 - 1803 (12/PRE-000988)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 más

Sobre o estado actual da rúa da Granxa, en Ourense, no referido á seguridade viaria

- 9524 - 1861 (12/PRE-000993)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación co inicio das obras do porto mixto de Corcubión



- 9542 - 1828 (12/PRE-001011)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre as xestións que a Xunta de Galicia está a realizar ante o Goberno central para impulsar un novo convenio que prorrogue as compensacións económicas ao sector marisqueiro da ría do Burgo

- 9541 - 1936 (12/PRE-001013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a negociación entre o Goberno galego e o Ministerio do Interior da renovación do convenio que regula a Unidade de Policía Adscrita de Galicia co fin de poder incrementar os seus efectivos

- 9379 - 1977 (12/PRE-001021)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 más

Sobre a eficiencia económica do modelo de colaboración público-privada que mantén a Xunta de Galicia na construcción e explotación das autovías galegas

- 9377 - 2042 (12/PRE-001030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa análise e a prevención da sinistralidade nas estradas fóra do que recolle o Plan de seguridade viaria

- 9322 - 2117 (12/PRE-001041)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 3 más

Sobre a xestión das axudas á mocidade derivadas do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025

- 9519 - 2128 (12/PRE-001042)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más

Sobre o contido e o estado de elaboración da nova proposta de ampliación da Rede Natura 2000 para a redacción do Marco de acción prioritaria 2021-2027

- 9320 - 2152 (12/PRE-001046)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 más

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o inicio das obras da segunda fase da autovía Nadela-Monforte

- 9515 - 2157 (12/PRE-001047)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a política de restauración e protección que prevé desenvolver o Goberno galego respecto dos hábitats de matogueiras e queirogais de Galicia



- 9319 - 2176 (12/PRE-001050)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 más

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao remate da autovía da Costa da Morte

- 9445 - 2239 (12/PRE-001059)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as peticións da veciñanza de Areas, no concello de Tui, respecto do proxecto de acondicionamento da estrada N-551

- 9316 - 2341 (12/PRE-001069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre o cumprimento das políticas anunciadas polo Goberno galego en materia de prevención da soidade non desexada

- 9315 - 2345 (12/PRE-001070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as políticas sociais anunciadas e non desenvolvidas áinda pola Xunta de Galicia

- 9513 - 2461 (12/PRE-001086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 más

Sobre a porcentaxe que, dentro do conxunto da vivenda protexida que se prevé desenvolver nesta lexislatura na Coruña, será de promoción pública en alugueiro

- 9539 - 2531 (12/PRE-001096)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 más

Sobre a adecuación dos recursos dos xulgados dos partidos xudiciais de Monforte, Sarria, Chantada e Viveiro ao crecente volume de traballo que soportan

- 9313 - 2544 (12/PRE-001098)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más

Sobre a nova convxuntura aberta pola postura da Comisión Europea respecto das prórrogas da concesión da AP-9

- 9511 - 2582 (12/PRE-001104)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 más

Sobre a xestión dunha cesión de vivendas da Sareb en Vigo para incorporar ao parque público do Instituto Galego da Vivenda e Solo ou, se é o caso, do propio Concello de Vigo



- 9510 - 2703 (12/PRE-001115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia na política de impulso da emancipación da xente nova en Galicia

- 9311 - 2726 (12/PRE-001119)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións e os prazos de realización que a Xunta de Galicia prevé no referido ao mantemento e á mellora da seguridade viaria na estrada AC-305 no seu percorrido pola comarca da Barbanza

- 9508 - 2794 (12/PRE-001127)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto do cumprimento dos compromisos económicos contidos no V Plan director de cooperación galega 2023-2026

- 9309 - 2955 (12/PRE-001143)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 3 más

Sobre o compromiso adquirido polo PSOE e polo BNG para implantar a gratuidade das estradas AP-9 e AP-53

- 9308 - 2973 (12/PRE-001146)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 3 más

Sobre a posibilidade de que o Goberno central implante o pagamento polo uso das autovías

- 9443 - 3027 (12/PRE-001152)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a política de promoción do deporte federado feminino que prevé levar adiante a Xunta de Galicia

- 9411 - 3524 (12/PRE-001208)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto á mellora da seguridade viaria e da mobilidade na estrada PO-233 entre o lugar de Ponte Bora, en Pontevedra, e A Lama

- 9537 - 3610 (12/PRE-001220)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 más

Sobre os criterios para o outorgamento de prazas de estacionamento nos espazos reservados para vehículos oficiais nas inmediacións do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Ourense



- 9373 - 3835 (12/PRE-001239)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o estado en que está a redacción do proxecto da primeira fase da variante da circunvalación de Carballo

- 9543 - 3879 (12/PRE-001245)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia no que atinxe á mellora da seguridade viaria da estrada PO-313 ao seu paso polo concello de Moaña

- 9535 - 3916 (12/PRE-001250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 más

Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación co anunciado proxecto de construcción dunha senda peonil na estrada PO-352 entre Camposancos e A Guarda

- 9307 - 3969 (12/PRE-001258)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 más

Sobre os eventuais plans de mellora da Xunta de Galicia respecto do tramo da AC-418 que vai desde Buño a Carballo

- 9372 - 4123 (12/PRE-001270)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 9 más

Sobre a situación das infraestruturas de competencia estatal na provincia de Ourense

- 9420 - 4144 (12/PRE-001273)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 más

Sobre o eventual restablecemento, atendendo ás demandas da veciñanza, do paso de peóns eliminado na estrada PO-550 no lugar de Coirón (Dena), no concello de Meaño

- 9529 - 4235 (12/PRE-001281)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 más

Sobre o estado da rúa Marcelo Macías, de Ourense, antes da recepción polo Concello logo das obras que executou a Xunta de Galicia ao abeiro dun acordo de colaboración entradas as administracións

- 9371 - 4333 (12/PRE-001291)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 más

Sobre o grao de desenvolvemento do I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024



- 9506 - 4479 (12/PRE-001306)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 más

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe a unha eventual reparación da rúa Chantada, en Monforte de Lemos

- 9503 - 4530 (12/PRE-001309)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto do inicio das actuacións destinadas a conseguir a gratuidade das autoestradas AG-55 e AG-57

- 9441 - 4539 (12/PRE-001310)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 8 más

Sobre a incidencia da implantación do novo modelo do Rexistro Civil nas obrigas e dereitos que respecto del ten a Comunidade Autónoma de Galicia

- 9303 - 4693 (12/PRE-001321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 más

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no referido á reforma integral da estrada LU-651, que dis-corre pola serra do Courel, para mellorar as súas condicións de seguridade viaria

- 9500 - 4845 (12/PRE-001343)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 más

Sobre o cumprimento da normativa de accesibilidade no proxecto previsto para a construcción dunha glorieta na estrada AC-418 no núcleo de Malpica

- 9301 - 4933 (12/PRE-001350)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as accións de mellora que prevé desenvolver a Xunta de Galicia na estrada PO-551 ao seu paso polo concello de Moaña

- 9368 - 5021 (12/PRE-001360)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 3 más

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da eventual reforma dos tramos da es-trada PO-552 que cruzan Oia e Saiáns, no concello de Vigo, co fin de mellorar a súa seguridade viaria

- 9365 - 5054 (12/PRE-001364)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 más



Sobre as medidas inmediatas que o Goberno galego prevé tomar para facilitar a instalación de industrias relacionadas co novo contexto de transición enerxética do sector da automoción, como, por exemplo, unha fábrica de baterías

- 9363 - 5139 (12/PRE-001374)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe á construcción, en colaboración co Concello de Pontevedra, da vía coñecida como "variante de Alba"

- 9497 - 5229 (12/PRE-001383)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 más

Sobre a eventual creación dunha mesa técnica entre as administracións implicadas co fin de avanzar no proxecto de finalización da rolda leste de Lugo (LU-021)

- 9361 - 5251 (12/PRE-001397)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 9 más

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do anuncio efectuado polo Goberno de España respecto da contratación urxente da reparación da autovía A-55

- 9359 - 5334 (12/PRE-001398)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 más

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia de mellora da estrada OU-533, entre A Gudiña e a Rúa, ante a densidade de tráfico que soporta

- 9496 - 5353 (12/PRE-001400)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más

Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación co cumprimento, naquela parte que lle atinxe, do acordo parlamentario do 14 de maio de 2014 referido á concesión da AP-9

- 9528 - 5373 (12/PRE-001401)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas para garantir un bo funcionamento do servizo público de transporte por estrada en época de verán

- 9409 - 5359 (12/PRE-001403)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o ritmo das actuacións que se levan a cabo nas estradas autonómicas da comarca do Salnés

- 9689 - 5460 (12/PRE-001413)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Insua Lema, Óscar e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a planificación coa que conta o Sergas para cubrir no verán as prazas de persoal médico, especialmente de pediatras, dos centros de atención primaria con difícil cobertura

- 9405 - 5481 (12/PRE-001415)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 más

Sobre as perspectivas da Xunta de Galicia respecto da conclusión do tramo da AG-22 Nadela-Monforte de Lemos

- 9356 - 5497 (12/PRE-001417)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 más

Sobre o cumprimento dos compromisos do Goberno galego verbo da incorporación da madeira estrutural nas súas licitacións de edificación pública

- 9354 - 5517 (12/PRE-001421)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 8 más

Sobre as características da nova estratexia de actuación da Xunta de Galicia nos tramos da rede viaria con concentración de accidentes

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1^a

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 4 de setembro de 2024, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Consello sobre o reforzo da seguridade dos documentos de identidade dos ciudadáns da Unión e dos documentos de residencia expedidos a ciudadáns da Unión e aos membros das súas familias que exerzan o seu dereito á libre circulación [COM (2024) 316 final]

-12/UECS-000015 (10314)

Consulta do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Consello sobre o reforzo da seguridade dos documentos de identidade dos ciudadáns da Unión e dos documentos de residencia expedidos a ciudadáns da Unión e aos membros das súas familias que exerzan o seu dereito á libre circulación [COM (2024) 316 final]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 10314, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa a Proposta de regulamento do Consello sobre o reforzo



da seguridade dos documentos de identidade dos cidadáns da Unión e dos documentos de residencia expedidos a cidadáns da Unión e aos membros das súas familias que exerzan o seu derecho á libre circulación [COM (2024) 316 final]

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010 e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e mais aos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 1499**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey edon Carlos López Font, sobre “**a ampliación do espazo protexido pola Rede Natura 2000 en Galicia e as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento dos obxectivos da lexislación europea en materia de rexeneración e de protección dos hábitats naturais**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**, que ten o seguinte contido:

“O Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, aprobado mediante o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, é un Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN) dos 59 ZEC (Zona Especial de Conservación) e 16 ZEPAS (Zonas de Especial Protección para as Aves) que compoñen a Rede Natura 2000 de Galicia.

Para o desenvolvemento normativo estase a levar a cabo unha serie de estudos dos distintos hábitats de interese comunitario (HIC) e das especies de interese comunitario, para a posterior elaboración dos plans de xestión para cada unha das ZEC ou ben por grupos de ZEC de características similares.

O noso compromiso coa Comisión Europea (CE) é realizar os plans de xestión de todos os espazos Rede Natura 2000 xa declarados, antes do 2027, que recollerán obxectivos e medidas de conservación a nivel de cada lugar.

Con respecto ás medidas compensatorias polas limitacións do uso dos bens e dereitos derivados da declaración do espazo, incluído na Rede galega de espazos protexidos ou dos seus instrumentos de planificación, estas veñen determinadas no artigo 35 de Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Así, calquera persoa que considere que está a sufrir unha restrición dun uso motivado pola declaración dun espazo natural protexido ou pola aprobación do seu correspondente instrumento de planificación, pode iniciar unha solicitude de axuda de acordo coa lexislación indicada. En relación con axudas que fomentan unha economía sustentable aos propietarios dos terreos, a Xunta tramita diferentes tipos de axudas agrícolas, forestais ou pesqueiras que poden beneficiar aos habitantes destes espazos.

En canto á Lei de restauración da natureza da UE, unha vez que se aprobe, a Xunta iniciará o desenvolvemento das obrigas derivadas desta normativa. Galicia, actualmente, está a desenvolver diferentes proxectos de restauración e nas axudas a

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



investimentos non produtivos, tanto para a Rede Natura 2000, como para as Reservas da Biosfera, incluíuse unha liña de actuacións dirixida á conservación, restauración e mellora da biodiversidade, especialmente dos hábitats, especies ou ecosistemas naturais, así como a aquellas actuacións que teñan un impacto favorable na mitigación e/ou adaptación ao cambio climático."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2024 12:44:14





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2024 13:18:03
Nº Rexistro: 9533
Data envío: 22/08/2024 13:18:03.934
Data 22/08/2024 13:18

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 1862**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Oscar Insua Lema e dona Rosana Pérez Fernández, sobre “**a situación en que está a tramitación do proxecto do porto mixto de Corcubión e as previsións orzamentarias da Xunta de Galicia para o comezo das obras**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DO MAR**, que ten o seguinte contido:

“En setembro de 2023 Portos de Galicia inicia a tramitación ambiental do proxecto solicitando á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Xunta de Galicia a tramitación ambiental simplificada do proxecto, a fin de axilizar o prazo de tramitación dos traballos.

O 21 de marzo de 2024 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental respostra, a través de resolución no DOG, a esta solicitude informando de que non é posible a tramitación ambiental simplificada polos posibles efectos adversos sobre o medio ambiente polo que o proxecto debe someterse a avaliación de impacto ambiental ordinaria. Isto implica unha dilatación dos prazos e condiciona o avance da tramitación á obtención dos documentos requeridos na tramitación ordinaria.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e non outro é o órgano competente para emitir informe sobre as posibles afectacións a actividade extractiva e exerceu a súa responsabilidade como corresponde.

Portos de Galicia traballa a día de hoxe na documentación necesaria para completar a tramitación ambiental ordinaria. Os Orzamentos da Xunta contemplan xa unha partida plurianual específica para o porto mixto que se axusta á tramitación regrada que ten que cumplir o proxecto, establecendo as contías necesarias en cada anualidade para as accións que efectivamente poidan levarse a cabo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2024 13:18:03





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 1929**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e dona Rosana Pérez Fernández, sobre “**a situación do sector mar-industria en Galicia e as accións que o Goberno galego está a desenvolver para o seu acceso aos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“En xaneiro do ano 2024, o ministro de Industria e Turismo, D. Jordi Hereu Boher, durante a súa comparecencia en Comisión no Congreso dos Deputados, anunciaba o PERTE da cadea mar-industria.

Segundo indicou na súa intervención este instrumento de apoio contaría cun orzamento de 50 millóns de euros dos cales 40 millóns estarían reservados para subvencións e os 10 millóns restantes para préstamos dirixidos a empresas deste sector.

Despois da tardanza de moito tempo, o Goberno español anunciou unha nova liña de axudas ao sector transformador pesqueiro e acuícola, tras recibir a autorización, o 9 de abril de 2024, da Comisión Europea (CE) para a súa posta en marcha. O plan terá un orzamento de 40 millóns de euros en subvencións, con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).

A Comisión Europea comunicou que a posta en marcha deste plan é compatible co mercado interior, de conformidade co artigo 107 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE), e por tanto autoriza ao Estado español o réxime de axudas ao sector da transformación de produtos da pesca e a acuicultura, que quedara excluído da normativa comunitaria reguladora dos plans de recuperación.

Na súa comunicación, a Comisión detalla que será o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a autoridade competente no desenvolvemento da convocatoria e xestión das axudas.

Esta liña de axudas, enmarcada dentro do PERTE Agroalimentario, ten unha gran importancia para España, que é o primeiro produtor de conservas de peixe e marisco da Unión Europea (UE) e o segundo mundial.

A decisión comunicada pola CE habilita á convocatoria de axudas para impulsar a transformación verde do sector da transformación dos produtos da pesca e a acuicultura, en liña co obxectivo fixado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) para España. Para alcanzar este obxectivo, a medida fomenta a modernización do sector para aumentar o valor engadido dos produtos, facéndoo así máis resiliente aos retos actuais e futuros.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2024 12:43:43
Nº Rexistro: 9522
Data envío: 22/08/2024 12:43:43,585

A medida está aberta a empresas de todos os tamaños, legalmente establecidas e debidamente rexistradas en España, que operen no sector da transformación de produtos da pesca e a acuicultura.

O importe total da axuda, por empresa e ano, non poderá exceder de 2,5 millóns de euros.

Mentres, o PERTE de apoio a este sector chega tarde e mal dotado, con cantidades manifestamente insuficientes fronte aos 400 millóns de euros que demanda o propio sector, e se os comparamos cos 1.000 millóns que se dedican, por exemplo, ao PERTE Agroalimentario.

Os actuais dirixentes do Goberno de coalición de España non parecen ter en conta a relevancia económica que representa o conxunto da cadea mar-industria, que só en Galicia conta cunha facturación de 9.000 millóns de euros anuais e emprega a 50.000 persoas.

Un sector que ademais desenvolve un marcado carácter exportador xa que segundo os datos de balance do ano 2023 teríase superado a cifra récord de 2.700 millóns de euros que se acadou en 2022 superando os 2.800 millóns de euros.

Dende Galicia reclámase ao Goberno de España que incremente os fondos anunciados para o PERTE da cadea mar-industria e axilice a súa activación para que o sector poda acometer novas inversións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2024 12:43:43





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 2129**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outras deputadas do mesmo grupo, sobre “**a retirada da proposta de ampliación da Rede Natura 2000 iniciada en 2011, referida no Marco de acción prioritaria 2021-2027 entregado á Comisión Europea, e o contido e o estado de elaboración da nova proposta**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**, que ten o seguinte contido:

“O Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, aprobado mediante o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, é un Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN) dos 59 ZEC (Zona Especial de Conservación) e 16 ZEPAS (Zonas de Especial Protección para as Aves) que componen a Rede Natura 2000 de Galicia.

O Plan Director da Rede Natura 2000 é, polo tanto, o instrumento de planificación de todos estes espazos naturais protexidos en Galicia.

Para o desenvolvemento normativo estase a levar a cabo na actualidade unha serie de estudos dos distintos hábitats de interese comunitario (HIC) e das especies de interese comunitario, para a posterior elaboración dos plans de xestión para cada unha das ZEC ou ben por grupos de ZEC de características similares.

O compromiso da Xunta de Galicia coa Comisión Europea (CE) é realizar os plans de xestión de todos os espazos Rede Natura 2000 xa declarados, antes do 2027, que recollerán obxectivos e medidas de conservación a nivel de cada lugar.

Con respecto á ampliación da Rede Natura 2000 é preciso ter en conta que o 12% da superficie galega (355.000 hectáreas) está dentro desta Rede, o que sitúa á Comunidade na media das rexións atlánticas, que se move entre o 10% e o 15%. De feito, 9 países da UE —Finlandia, Malta, Lituania, Francia, Irlanda, Bélgica, Suecia, Letonia e Dinamarca— teñen unha porcentaxe de territorio en Rede Natura similar á de Galicia.

Polo tanto, Galicia non é unha excepción en Europa e tendo en conta a superficie neta incluída en Rede Natura, hai moitas comunidades por debaixo de Galicia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Ademais, Galicia conta cun alto nivel de protección da súa biodiversidade, xa que o 42% do noso territorio está amparado baixo algúna figura de protección”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2024 12:43:14
Nº Rexistro: 9518
Data envio: 22/08/2024 12:43:14.898

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2024 12:43:14

33279



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 2135**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outras deputadas do mesmo grupo, sobre **"o estado de execución do contrato adxudicado en 2020 pola Xunta de Galicia para a determinar a situación das turbeiras acedas, calcarias e hábitats paraturbosos de Galicia e as previsións sobre o desenvolvemento de plans nesta materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, está avaliar na actualidade a documentación recibida por parte do servizo contratado para a súa validación cartográfica e a súa integración nos futuros plans de xestión dos espazos da Rede Natura 2000 e a determinación das medidas de conservación a aplicar.

A planificación da Dirección Xeral de Patrimonio Natural contempla, así mesmo, a realización dos Plans de xestión para cada unha das Zonas de Especial Conservación (ZECs). A través destes plans garantírase a protección, a restauración e o tipo de manexo axeitado para os hábitats de interese comunitario de turbeiras e paraturbeiras.

A previsión para a elaboración destes plans específicos para cada unha das ZECs é que estean dispoñíveis durante o ano 2027. Esta previsión foi comunicada, de feito, á Comisión Europea e é o compromiso que ten a Xunta de Galicia.

Os espazos naturais protexidos da Rede Natura 2000 declaránse para acadar uns obxectivos de conservación para as especies de interese comunitario e hábitats de interese comunitario recollidos na Directiva Hábitats e para as especies de aves recollidas na Directiva Aves".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2024 12:43:05



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 2158**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre “o traslado de información ao Parlamento verbo do contrato adxudicado en 2021 pola Xunta de Galicia para determinar a situación dos hábitats de matogueiras e queirogaís de Galicia e as previsións sobre o desenvolvemento de plans nesta materia”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia na actualidade está a avaliar a memoria final do contrato referido para a súa integración nos futuros plans de xestión dos espazos da Rede Natura 2000 e a determinación das medidas de conservación a aplicar.

A planificación da Dirección Xeral de Patrimonio Natural contempla, así mesmo, a realización dos Plans de xestión para cada unha das Zonas de Especial Conservación (ZECs). A través destes plans garantírase a protección, a restauración e o tipo de manexo axeitado para os hábitats de interese comunitario de matogueiras.

A previsión para a elaboración destes plans específicos para cada unha das ZECs é que estean dispoñibles durante o ano 2027. Esta previsión foi comunicada, de feito, á Comisión Europea e é o compromiso que ten a Xunta de Galicia.

Por outra parte, os espazos naturais protexidos da Rede Natura 2000 declaránse para acadar uns obxectivos de conservación para as especies e hábitats de interese comunitarios recollidos na Directiva Hábitats e para as especies de aves recollidas na Directiva Aves. Os hábitats de matogueira inclúense entre os hábitats motivo de designación da maioría de ZECs galegas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado digitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2024 12:41:41



En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 4488**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, sobre “o resarcimento, á vista da anulación de parte das bases da convocatoria do Programa Impacto Autónomo de 2023, de moitas persoas traballadoras por conta propia e microempresas que quedaran inicialmente excluídas da condición de beneficiarias das axudas”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración está plenamente comprometida coa prosperidade e o futuro do noso tecido produtivo e das persoas traballadoras autónomas. Galicia é, con máis dun 20% de autónomos, a primeira comunidade autónoma con maior peso deste colectivo no total de afiliacións –en España é do 16,10%. Isto converxe co feito de que destinan preto de 125 millóns de euros nos últimos dous anos para apoiar ao colectivo.

Neste sentido, a Xunta de Galicia pretende ser unha Administración facilitadora, en todo caso, poñendo a disposición das persoas autónomas axudas tanto para manter como para motivar a actividade. Así, en consideración da cuestión que formula o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, cómpre facer fincapé nas achegas concedidas ao abeiro da Axenda Impulso Autónoma Horizonte 2027, que rexe as políticas públicas de apoio ao traballo autónomo durante os próximos anos, para fortalecer o ecosistema competitivo do traballo por conta propia e potenciar a calidade dos novos proxectos.

Entre estas axudas ao traballo autónomo destaca o Programa Impacto Autónomo, ao que fan referencia, creado ad hoc no pasado ano 2023 para que as persoas traballadoras autónomas puidesen fazer fronte ou minimizar o impacto da suba dos custos en materias primas, dos subministros e maila enerxía. Un programa que ten permitido beneficiar a máis de 30.000 persoas, antecedente da implantación dunha nova liña de apoio neste 2024, co fin último de chegar á totalidade das persoas autónomas que inicien o seu negocio na nosa comunidade.

Non obstante, tamén cómpre facer alusión á implantación da cota cero, cuxo orzamento, preto de 10 millóns de euros, permite sufragar o 100% das cotizacións durante o primeiro ano de actividade, para tratar de mitigar os efectos do novo sistema de cotización para as persoas traballadoras por conta propia ou autónomos. Ademais, non podemos esquecer o Programa de Promoción ao Emprego Autónomo, cuxo obxecto está en dar apoio ao inicio da actividade



económica ou profesional das persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial en Galicia como traballadoras autónomas, cun orzamento de máis de 19 millóns de euros.

Nesta mesma liña, lembramos o Programa Nova Oportunidade para persoas traballadoras autónomas, cun orzamento de 1,5 millóns de euros dirixido a aquelas persoas con experiencia previa que non tiveron o éxito esperado, facilitándolle unha segunda oportunidade empresarial; e, por suposto, o Bono Autónomo, cun investimento anual de 8 millóns de euros para a consolidación e mellora da competitividade de negocios de persoas traballadoras autónomas que leven polo menos 42 meses de actividade.

Galicia é unha terra de emprendedores e temos que fornecer o ecosistema de entidades que asesoren a aqueles que queren desenvolver o seu negocio no noso territorio, tanto nas cidades como no rural. Unha das nosas maiores bazas neste eido é a Rede de Polos de Emprendemento, con 14 centros activos nestes intres no conxunto do territorio con especial incidencia no rural, pero con efectos en toda a comunidade, para asesorar proxectos en calquera das fases en que se atopen. A través desta ferramenta xa se ten permitido atender máis de 2.200 proxectos, xerando un verdadeiro ecosistema de apoio ás persoas emprendedoras”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:30:27



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5052**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e outros deputados/as, sobre **“Sobre as mudanzas que se aveciñan na industria da automoción pola transición enerxética, o seu impacto na área de Vigo e as razóns de que o Goberno galego áinda no puxese en marcha medidas para facilitar a instalación dunha fábrica de baterías ou un plan estratéxico”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

“A ambiciosa transición da UE cara a unha economía sustentable e climáticamente neutra ten implicacións cada vez más profundas para as rexións, as persoas traballadoras, as industrias e a sociedade en xeral. Estas implicacións son especialmente importantes nas rexións que dependen dos combustibles fósiles e das industrias de gran consumo de enerxía.

Neste sentido, o Ditame do Comité Europeo das Rexións-Unha transición xusta e sustentable das rexións con industria de automoción fai énfase en múltiples implicacións da transición e, entre elas, lembra a necesidade de reducir drasticamente as emisións de gases de efecto invernadoiro.

Co fin de acadar esta redución, cómpre levar a cabo distintas actuacións en torno á industria e prestación de servizos relacionados co automóbil e o seu mantemento, así como na electrificación da industria automobilística, transformando as industrias tradicionais para convertelas en provedoras das novas tecnoloxías e sectores.

Nesta convxuntura, a industria da automoción europea enfróntase a un gran desafío para manter a súa competitividade a futuro e isto vén impactando na estabilidade das industrias nas rexións con industria de automoción, particularmente en Galicia. Esta situación debe abordarse sen dúbida con proxectos a longo prazo e coa intervención directa das institucións e fondos comunitarios, iso sen prexuízo de que as rexións traten de paliar no posible os impactos a que se ve sometido o sector de modo máis inmediato.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Por iso, a Xunta de Galicia, consciente destas circunstancias, está a levar a cabo diversas accións de apoio ao sector do automóbil.

Por unha parte, o 29 de febreiro de 2024, o Consello da Xunta de Galicia acordou declarar seis sectores como estratégicos para Galicia, entre os que se atopa o sector da automoción, para os efectos da elaboración dun Plan Director, figura prevista no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2024 12:20:17





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 6294**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as axudas que a Xunta de Galicia ten que pór á disposición dos labregos para resarcilos dos estragos causados nos cultivos polo xabaril e sobre as distintas medidas de control e de análise da poboación do xabaril que o Goberno galego ten que levar a cabo**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten posto en marcha un amplio paquete de medidas encamiñadas a facer fronte aos danos producidos polo xabaril en diferentes ámbitos e tamén destinadas a mellorar a xestión e o aproveitamento da especie, así como a información sobre a mesma. Son todas actuacións vixentes cuxo obxectivo último é conseguir frear a expansión do xabaril.

Con respecto á prevención e compensación económica dos danos que ocasiona esta especie, no Goberno galego temos apostado polo compromiso co sector primario a través da mobilización de máis de 11,7 millóns de euros (desde 2016) coa convocatoria de sucesivas ordes de axudas, tanto de carácter compensatorio (única en España), como preventivo dos danos ocasionados. Estamos, ademais, a adaptar os importes destinados a indemnizar os danos nos cultivos ocasionados polo xabaril, en función da realidade e as necesidades identificadas.

No marco do paquete de medidas aplicado, téñense tamén incrementado e facilitado os mecanismos necesarios para regular as poboacións desta especie silvestre, co fin de reducir o posible impacto negativo que poida ocasionar sobre o medio ambiente e a agricultura, pero tamén polos posibles efectos non desexados sobre a sanidade animal e a saúde pública e a seguridade viaria.

Para a adopción destes mecanismos de control, ademais doutras variables, tívose en conta a información dispoñible da evolución dos danos producidos polo xabaril nos últimos anos, e, en consecuencia, tense incrementado o período hábil de caza desta especie e o número de xornadas de caza autorizadas.

É preciso, ademais, lembrar que desde 2008, no marco do programa nacional, en Galicia existe un sistema de vixilancia sanitaria desta fauna respecto ás enfermidades [Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias](#)

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



sometidas a programas de vixilancia ou control oficial. Existe, ademais, a nivel nacional un Plan de actuación sobre a tuberculose en especies silvestres (PATUBES) no marco do que, anualmente, en Galicia se analizan exemplares de xabaril para coñecer a súa condición respecto á tuberculose. Todo este sistema de vixilancia está coordinado, así mesmo, cos programas específicos fronte determinadas enfermidades, nos que este tipo de fauna xogan un papel importante na epidemioloxía destas patoloxías".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2024 12:38:55



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 6872**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre "**o estado da tramitación do proxecto de conversión da antiga canteira Pedra Facha, en Val do Dubra, nun vertedoiro a ceo aberto, a súa afección á poboación e ás explotacións gandeiras da contorna e o nivel de emprego que vai xerar**", teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**, que ten o seguinte contido:

"O proxecto está na actualidade á espera de informes preceptivos para iniciar a tramitación da Autorización Ambiental Integrada (AAI).

A xeración de emprego vinculada co proxecto variará segundo a fase na que se atope. Así, por exemplo, na fase de explotación prevese a creación dun número importante de postos de traballo directos permanentes asociados coa rede de recollida de residuos e co axeitado funcionamento das instalacións.

Con respecto á zona de actuación, sitúase lonxe de infraestruturas tanto residenciais como comerciais ou industriais. Ningunha das estruturas existentes na zona actualmente garda unha especial proximidade coa infraestrutura do vertedoiro e prevese a aplicación de medidas protectoras sobre o sistema hidrolóxico e calidad das augas e para evitar malos olores, áinda que non se prevén molestias derivadas dos mesmos para a poboación próxima ao vertedoiro proxectado.

Contémplase tamén a realización de medición de olores nas vivendas próximas e a aplicación de toda medida necesaria no caso de que non se cumpla coa lexislación vixente. Deste xeito, pódese considerar que os efectos da explotación do vertedoiro de residuos non perigosos proxectado terán un efecto compatible co desenvolvemento normal da poboación local".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2024 12:38:41
Nº Rexistro: 9489
Data envío: 22/08/2024 12:38:41.167

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)
Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2024 12:38:39



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 546**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Martínez Allegue, dona Carmen María Pomar Tojo, don Javier Arias Fouz, don José Manuel Balseiro Orol, don José Silvestre Balseiros Guinarte, dona María Deza Martínez, dona Rubén Lorenzo Gómez, dona Victoria Núñez López e don Roberto Rodríguez Martínez, sobre "**a política do Concello de Pontevedra en materia de promoción de vivenda pública accesible**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta considera que os concellos, especialmente os das grandes cidades, deben asumir as súas competencias en materia de promoción e xestión de vivenda protexida.

Finalmente, o concello de Pontevedra renunciou a construír vivendas na parcela de Valdecorvos e ofreceuna en cesión ao IGVS para que sexa a Xunta de Galicia que as constrúa".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2024 12:44:44





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 9252
Data envío: 14/08/2024 21:07:05.811
Data 14/08/2024 21:07:05.811

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 589**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Oscar Insua Lema, sobre **"as medidas que prevé adoptar o Goberno galego en relación coas reclamacións dos profesionais e das profesionais do servizo de xustiza gratuíta"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 587, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 41, do 20 de xuño de 2024, á que nos remitimos.".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2024 21:07:05



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 702**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Carmen María Pomar Tojo, dona María Martínez Allegue, don Javier Arias Fouz, don José Manuel Balseiro Orol, don José Silvestre Balseiros Guinarte, dona María Deza Martínez, don Rubén Lorenzo Gómez, dona Victoria Núñez López e don Roberto Rodríguez Martínez, sobre **"o número de concellos galegos que presentaron solicitude de declaración de zona de mercado residencial tensionado"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

"A declaración de zonas de mercado residencial tensionado réxese polo artigo 18 da Lei 12/2023, do 24 de maio, polo dereito á vivenda, unha lei que foi aprobada sen ter en conta os criterios das comunidades autónomas que, ao igual que os concellos, teñen competencias en materia de vivenda. Cómpre lembrar que Galicia ten recorrida a Lei fronte ao Tribunal Constitucional, igual que Cataluña, Andalucía, País Vasco e Baleares.

Estamos diante dunha lei que ataca directamente o dereito á propiedade e invade as competencias autonómicas nesta materia, apostando por un modelo intervencionista do mercado de alugueiro que xa se demostrou ineficaz noutros países:

Un ano despois da súa posta en funcionamento, ningún concello galego solicitou á Xunta a declaración de ningunha zona residencial tensionada. Máis ao contrario, as limitacións e a inseguridade xurídica creada coas propostas de creación de zonas tensionadas ou de limitación dos prezos da lugar a que os propietarios, ben sexa promotores privados ou ben particulares, non poñan as vivendas no mercado do alugueiro.

O procedemento establecido pola Lei de Vivenda para a declaración de zona residencial tensionada establecese definindo como zona tensionada aqueles ámbitos territoriais nos que exsite un especial risco de oferta insuficiente de vivenda para a poboación en condición que a fagan accesible, de acordo coas diferentes necesidades territoriais. Para a súa declaración o artigo 18 da Lei de Vivenda establece que o ámbito territorial deberá cumplir a lo menos un destes dous requisitos:

- Que a carga media do custo da hipoteca ou do aluguer no orzamento persoal ou da unidade de convivencia, máis os gastos e subministracións básicas, supere o trinta por cento dos ingresos medios ou da renda media dos fogares.



b) Que o prezo de compra ou aluguer da vivenda experimentase no cinco anos anteriores á declaración como área de mercado de vivenda tensionado, unha porcentaxe de crecemento acumulado polo menos tres puntos porcentuais superior á porcentaxe de crecemento acumulado do índice de prezos de consumo da comunidade autónoma correspondente.

Os datos que emprega o Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana para elaborar o Sistema Estatal de Referencia de Prezo do Alugueiro son de 2021, o que lle da pouca sostibilidade ao sistema creado.

Así e todo, cómpre ter en conta que actualmente ningún concello de Galicia sería suscetible de ser declarado zona tensionada e de feito.

A vivenda é un problema con moitas aristas e cunha gran complexidade. o que está claro é que é unha norma claramente lesiva e contraproducente para o mercado da vivenda, xa que está a desincentivar a posta do mercado da vivienda, a través da limitación do prezo do alugueiro en zonas tensionadas ao tempo que desincentiva a promoción de nova vivenda protexida ao obrigar a destinar a aluguer e con cualificación permanente o 50% das vivendas protexidas construídas en solo de reserva. Os promotores privados e, especialmente, os cooperativistas non teñen interese en desenvolver vivendas para aluguer ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2024 12:22:53





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 12:22:47
Nº Rexistro: 9389
Data envío: 20/08/2024 12:22:47.870
Data 20/08/2024 12:22

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 735**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Carmen María Pomar Tojo, dona María Martínez Allegue, don Javier Arias Fouz, don José Manuel Balseiro Orol, don José Silvestre Balseiros Guinarte, dona María Deza Martínez, don Rubén Lorenzo Gómez, dona Victoria Núñez López e don Roberto Rodríguez Martínez, sobre **"as previsións do Goberno galego relativas á ampliación de solo residencial e de dotación de vivendas públicas no barrio de San Paio de Navia, en Vigo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

"A ampliación de San Paio de Navia que abordamos desde o 2020 é o proxecto da Xunta máis ambicioso no eido da vivenda para a cidade galega máis poboada. A previsión é levantar 1.600 vivendas protexidas cun investimento aproximado de 248M€ e das que unha parte importante serán de promoción pública e outra parte serán vivendas de protección autonómica construídas por cooperativas ou promotores privados. A urbanización dos 3 polígonos achégase aos 39M€ mentres que a adquisición do solo que leva feita a Xunta de Galicia desde 2016 ascendeu a 24M€. A esta cifra haberá que sumar o investimento nas parcelas comerciais e de equipamento.

A ampliación distribúese en tres polígonos. No primeiro previse un total de 733 vivendas, das que inicialmente están previstas que 359 sexan VPP e 374 vivendas VPA. O investimento total é de 72M€. A obra de urbanización iniciouse en novembro do pasado 2023 por 13,1M€ e está previsto o seu remate en 2025.

No polígono 2 está previsto inicialmente construír 719 vivendas (337 na fase A e 382 na fase B), das que boa parte serán VPP. As obras de urbanización contan cun orzamento de 16,3M€.

E, no Polígono 3, construiranse 147 nun proxecto que está en tramitación para a súa aprobación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2024 12:22:47



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 802**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, sobre **"ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 803, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 1 do BOPG número 45, do 1 de xullo de 2024, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2024 21:06:45



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 816**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a evolución nos últimos cinco anos das medidas da Xunta de Galicia dentro do modelo de apoio á dependencia**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDAD**, que ten o seguinte contido:

"A conselleira de Política Social e Igualdade deu resposta a esta pregunta na interpelación (con número de rexistro 814) formulada polo mesmo grupo parlamentario en sesión plenaria celebrada o día 23 de abril.

Pódese acceder á resposta na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OTU5Yzg0NzAtMjBkZi00ODc1LWFmNzQtNTIINjJkZjM1MDMw&start=2337>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2024 12:22:41





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 820**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto do tempo que falta para a formalización do convenio de adhesión do Concello de Ourense ao programa Xantar na Casa"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O programa Xantar na Casa que desenvolve a Xunta de Galicia a través do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar en colaboración cos concellos galegos, é moito más que un servizo de comida a domicilio, co que se pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores, dependentes e/ou en risco de exclusión social, con déficits de autonomía persoal, para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

O obxectivo principal deste programa é mellorar o nivel de benestar e de calidade de vida de moitas persoas maiores e dependentes, pero tamén das súas familias, manténdoas na súa contorna e conseguindo así evitar ou retardar a súa institucionalización nalgún centro.

Neste momento hai 200 concellos adheridos ao programa, e se están incorporando novos concellos.

No que respecta ao Concello de Ourense, o pasado mes de marzo deixou de prestar o servizo municipal denominado "Comedor sobre Rodas", e que estaba vixente dende o ano 2008. Esta situación provocou que os beneficiarios deste programa municipal quedasen sen servizo.

O pasado mes de xuño, o pleno do concello ourensán aprobou adherirse ao programa autonómico Xantar na Casa. Actualmente atópase en trámites de adhesión a dito programa."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado digitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:35:17



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 822**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Carmen María Pomar Tojo, dona María Martínez Allegue, don Javier Arias Fouz, don José Manuel Balseiro Orol, don José Silvestre Balseiros Guinarte, dona María Deza Martínez, don Rubén Lorenzo Gómez, dona Victoria Núñez López e don Roberto Rodríguez Martínez, sobre **“a actuación que se está a levar a cabo na antiga parcela do Colexio Peleteiro, en Santiago de Compostela, por parte da Sareb e do Concello”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia considera positivo que se incremente o número de vivendas protexidas promovidas pola Sareb en Galicia. Con tal fin, dende a consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas solicitouse que o ministerio incluíse a Galicia no programa Viena, obxectivo que foi conseguido”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado digitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:35:10





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 831**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os datos relativos á violencia machista do último ano completo e do que vai de 2024"** convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE** que ten o seguinte contido:

"Contra a violencia de xénero temos que loitar con feitos, empregando recursos para acadar o obxectivo de vítimas cero. Neste senso, a Xunta de Galicia está comprometida coa erradicación da violencia de xénero de xeito firme.

Os orzamentos da Comunidade Autónoma Galega para 2024 destina máis dun 14,46% respecto o ano 2023 para manter, reforzar e ampliar os servizos, prestacións e recursos dispoñibles para as vítimas durante todo o ano. Un claro exemplo son as prestacións económicas para vítimas de violencia de xénero que converten a Galicia na primeira Comunidade Autónoma en dispoñer dunha axuda ininterrompida durante todo o ano, dirixidas a facer a independencia e autonomía das mulleres, con respecto do seu agresor. Nos últimos 14 anos chegaron a máis de 5.800 mulleres.

Complementando a axuda periódica da nosa Comunidade, tamén se pon a disposición das vítimas as axudas económicas de pagamento único para vítimas de violencia de xénero que teñen insuficiencia de recursos e dificultades maiores para obter un emprego. Ao igual que as indemnizacións económicas por sentenza xudicial a favor das mulleres que sufren violencia de xénero e/ou as e os menores ou persoas dependentes afectadas. Ou o programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sufren violencia de xénero, así como a persoas do seu entorno familiar.

Non escatimaremos en recursos, medidas e esforzos para atender a todas as vítimas de violencia de xénero e traballar para conseguir unha sociedade igualitaria.

E se é importante empregar recursos, igual de importante é que as mulleres saibam que non están soas neste camiño, xa que a Xunta de Galicia está ó seu carón para axudalas a saír adiante e comezar unha nova vida como verdadeiramente merecen ser tratadas, respectadas e valoradas.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 9344
Data envío: 19/08/2024 20:34:50,382

Combater a violencia de xénero é unha responsabilidade colectiva. Todas e todos debemos estar comprometidos en crear sociedades más xustas e igualitarias, onde non exista lugar para a violencia, educando sobre a igualdade de xénero, promovendo o respecto mutuo, denunciando calquera forma de violencia que presenciamos.

Dando cumprimento á lexislación vixente as administracións públicas con competencias no ámbito da violencia de xénero mantemos reunións para analizar, revisar e previr as actuacións dos distintos axentes implicados, medidas e recursos existentes e empregados."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:34:50





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 12:22:17
Nº Rexistro: 9385
Data envío: 20/08/2024 12:22:17,902
Data 20/08/2024 12:22

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 843**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as condicións do Bono Coidado no Fogar**” convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE** que ten o seguinte contido:

“ O Bono Coidado no Fogar é unha axuda novosa xa que non existe en ningunha outra comunidade autónoma unha prestación coma esta.

Trátase dunha axuda para todas as persoas con dependencia atendidas no seu fogar, independentemente do seu grao ou situación económica.

Neste sentido, a normativa estatal é a que esixe que nos casos de persoas con gran dependencia (grao 2 e 3) o coidador ten que convivir coa persoa dependente.

A contía desta axuda é de 5.000 euros ao ano, é dicir, 416 euros ao mes, que xa reciben os galegos que eran beneficiarios da libranza por coidado na contorna familiar e sen realizar ningún trámite administrativo.

Non se trata dunha mera actualización da prestación por coidados na contorna familiar, senón da universalización dos coidados a todas as persoas que queren ser coidados no seu fogar con independencia do seu grao e capacidade económica.

Con respecto aos traballadores sociais de Galicia, a Xunta informou a este colectivo da nova prestación a través da aplicación informática Matiass ademais da Orde publicada no DOG do día 01/12/2023.

Por outro lado, o complemento ao Bono Residencia é outra das medidas novedosas aprobadas polo Goberno galego. Trátase dun complemento de 1.200 euros ao ano para axudar ao pago dunha residencia a maiores da prestación que lles corresponda.

Esta axuda, ao igual que o Bono Coidado no Fogar, é para todas as persoas con independencia do seu grao ou nivel de ingresos.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 12:22:17
Nº Rexistro: 9385
Data envío: 20/08/2024 12:22:17,902

Por último, nos últimos anos, a Xunta deu un forte impulso á atención ás persoas dependentes para que poidan escoller libremente como e onde desexan ser coidados.

Para atender aos que precisan duns coidados más intensos, o Executivo autonómico triplicou dende o ano 2009 as prazas sostidas con fondos públicos en residencias, superando hoxe as 15.000, e as seguirá aumentando con:

Os sete centros que constrúe e equipa a Fundación Amancio Ortega (900 prazas públicas).

As novas residencias do Barbanza (Ribeira) e a de Antas de Ulla, con arredor de 150 prazas públicas entre as dúas.

Poderíamos aumentar o número de prazas e prestacións se o Goberno central cumprira co financiamento ao que obriga a Lei de Dependencia, xa que aínda está moi lonxe de chegar ao 50% que lle corresponde.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado digitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2024 12:22:17





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 846**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Carmen María Pomar Tojo, dona María Martínez Allegue, don Javier Arias Fouz, don José Manuel Balseiro Orol, don José Silvestre Balseiros Guinarte, dona María Deza Martínez, don Rubén Lorenzo Gómez, dona Victoria Núñez López e don Roberto Rodríguez Martínez, sobre **"os obxectivos que procura o Goberno galego coa modificación das normas de habitabilidade de Galicia do ano 2010"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A normativa de habitabilidade trata de fixar, de forma clara e adaptada ás necesidades reais, os parámetros e as condicións que deben seguir as novas vivendas que se constrúan. Polo tanto, deben atender á evolución da sociedade e aos novos modos de habitar para adaptarse ás necesidades das persoas moradoras.

En execución do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025, no seo das deliberacións do Pleno do Observatorio da Vivenda de Galicia, creouse unha comisión técnica para analizar a problemática que supón para algunas cidades o progresivo abandono dos locais destinados a usos comerciais e que implica un proceso de degradación da imaxe da cidade e da propia vida urbana, con baixos pechados e baleiros.

Entre as actuacións que contribuirían a solucionar este problema, analizadas pola Comisión Técnica do Observatorio da Vivenda de Galicia, atópase a modificación da normativa de habitabilidade (NHV-2010), co obxecto de flexibilizar as condicións de protección de vistas das vivendas en plantas baixas e de que se poidan realizar cambios de uso destes locais para a vivenda, pero sen menoscabar as mínimas condicións de calidade, intimidade e seguridade establecidas nas vivendas.

Ademais, despois de trece anos de vixencia destas normas de habitabilidade, cumpría proceder á súa revisión para simplificalas, actualizalas e dotalas dunha maior claridade.

Por todo o anterior, a modificación desta norma ten por obxecto dar solución á problemática exposta anteriormente derivada de cambios estruturais e económicos e para aclarar e adecuar a normativa vixente para simplificala e eliminar redundancias con outros textos normativos na procura dunha maior claridade na súa interpretación técnica, que redundará nunha maior eficacia na xestión administrativa dos proxectos e nunha maior seguridade xurídica para todos os axentes que interveñen no proceso construtivo, polo que se incorpora unha nova redacción aos anexos I e II que recollen as modificacións realizadas sobre o texto vixente das condicións de habitabilidade das vivendas de Galicia.



Unha das principais modificacións que inclúe a norma é que se lles permite aos concellos, nos casos en que existan motivos urbanísticos ou outros derivados da necesidade de protección do patrimonio cultural, tramitar anexos de habitabilidade aos instrumentos urbanísticos municipais vixentes que poden modificar as condicións de vivenda exterior e definir ámbitos en que se poida, xustificadamente, variar algúns dos estándares de habitabilidade establecidos neste decreto.

Para finalizar, actualízanse as referencias do articulado a determinadas normas vixentes hoxe de carácter estatal e autonómico, substitúense palabras caídas en desuso, mellórase a redacción de parágrafos para a súa aclaración, simplifícase a estrutura do índice e eliminánse aqueles puntos que, neste momento, xa están regulados noutras normativas sectoriais.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:34:43





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 848**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Victoria Núñez López, don Carmen María Pomar Tojo, dona María Martínez Allegue, don Javier Arias Fouz, don José Manuel Balseiro Orol, don José Silvestre Balseiros Guinarte, dona María Deza Martínez, don Rubén Lorenzo Gómez e don Roberto Rodríguez Martínez, sobre “**a contía do investimento realizado polo Goberno galego para adquirir e rehabilitar inmobles en Ourense no marco do programa Rexurbe**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A rehabilitación do patrimonio construído, e especialmente dos conjuntos históricos, é un dos eixos prioritarios da política de vivenda da Xunta de Galicia e por iso púxose en marcha en 2017 o programa Rexurbe como un programa de actuación directa do IGVS co obxectivo de adquirir inmobles deteriorados en conjuntos históricos declarados Bic e proceder á súa rehabilitación para a obtención de vivendas.

As vivendas rehabilitadas ao abeiro do programa cualifícanse como de promoción pública e adxudícanse en réxime de alugueiro a través do Rexistro de demandantes de vivenda de Galicia.

Este programa ten como obxectivo non so incrementar o parque público de vivenda en alugueiro, senón actuar como dinamizador da actividade rehabilitadora de inmobles en zonas especialmente degradadas.

Este programa estase aplicando nos concellos de A Coruña, Betanzos, Ferrol, Mondoñedo, Lugo, Ribadeo, Vilalba, Viveiro, Ourense, Ribadavia e Tui.

O actual programa Rexurbe iniciouse como experiencia piloto no contexto histórico de Betanzos, ao que en 2018 sumáronse Ferrol, Lugo e Ourense.

No caso do Concello de Ourense incluíronse no programa Rexurbe dous inmobles que xa eran propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, emprazados os números 1 e 3-5 da rúa do Vilar e adquiríronse os inmobles emprazados na rúa Pelayo 9, Manuel Sueiro 3, Liberdade 28, Cervantes 29, e Colón 8 e 16. Na adquisición o IGVS investiu un total de 886.003,44 euros.

Os situados na rúa do Vilar 1 e 3-5 xa foron rehabilitados e as cinco vivendas resultantes entregadas ás súas adxudicatarias mentres que as obras de rehabilitación dos inmobles da praza Manuel Sueiro e rúa Liberdade foron licitadas en decembro de 2023 pero que quedou deserta polo que sairán de novo a licitación, como a obra do inmoble de Pelaio 9, da que vai resultar unha vivenda.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Polo que respecta aos inmobles dos número 8 e 16 da rúa Colón, está previsto licitar a redacción dos correspondentes proxectos mentres que no caso do inmoble da rúa Cervantes 29, ao tratarse dunha casa moi pequena, estase tratando de adquirir outros inmobles na mesma rúa co obxectivo de realizar unha actuación conxunta.

En resumo, o programa Rexurbe vai permitir rehabilitar 8 inmobles no conxunto histórico de Ourense, obténdose arredor de 17 vivendas rehabilitadas e 3 locais comerciais cun investimento que superará os 5 millóns de euros, entre adquisición, traballos técnicos e execución de obras. ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:34:31



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 882**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os resultados que están a ter as políticas do Goberno galego dirixidas a garantir a inclusión social en Galicia"** convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"A última Enquisa de Condicións de Vida correspondente ao ano 2023 publicada polo INE reflicte que, a pesar do incremento nos datos, en Galicia a situación continúa a ser más favorable que a media de España. Deste xeito,

A taxa AROPE en Galicia é un punto inferior á media nacional, situándose no 25,5%. E está por debaixo de Estremadura (32,8%); Castela-A Mancha (31,7%) ou Valencia (29,6%).

A porcentaxe de galegos en situación de carencia material severa, é dicir, persoas que non teñen acceso a determinados ítems de consumo básicos, é case un punto menor que a media nacional: 8,2%. Este indicador é mellor en Galicia que Canarias (11%); Cataluña (8,9%) ou Castela-A Mancha (8,5%).

Galicia tamén ten mellores datos que a media nacional en canto á porcentaxe de poboación que di ter "moita dificultade para chegar a fin de mes", que é do 8,6% fronte ao 9,3% do concxunto de España.

E redúcense en Galicia as persoas que viven en fogares con baixa intensidade laboral, situándose no 7,5% da poboación: dous puntos menos que en 2022 e case un punto por debaixo do concxunto de España. É o mellor dato da serie histórica.

A Xunta de Galicia segue a apoiar aqueles fogares que peor o están a pasar para saír dessa situación reforzando as medidas das que dispoñemos, como:

Manter o orzamento da Risga nos 46 millóns de euros.

Reforzamos as Axudas de Inclusión Social para fazer fronte á suba xeneralizada de prezos;

Mantemos o complemento autonómico das Pensións non Contributivas e ao que destinamos unha partida de máis de 8 millóns de euros este ano.



E o orzamento adicado ás políticas de inclusión social ascende novamente este ano 2024 ata acadar os 153 millóns de euros, o mais elevado da historia, o que nos permite afrontar e reforzar as medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social.

Así mesmo, o Consello da Xunta aprobou o pasado 28/12/2023 a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2023-2030, que constitúe o marco de planificación das medidas de loita contra a pobreza e a exclusión que se van desenvolver ata 2030, e nas que están implicadas diferentes áreas da Xunta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:34:18



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, número 897, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodríguez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da elaboración do Plan estratéxico de servizos sociais ao que se refire a Lei de servizos sociais de Galicia**” convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**, que ten o seguinte contido:

"A elaboración do Plan estratégico de servizos sociais está prevista para esta lexislatura. Pero que non se teña desenvolvido non significa que Galicia non conte con mecanismos de planificación necesarios nesta materia.

Así, as actuacións en materia de protección e acción social enmárcanse en termos estratégicos no Plan Estratégico de Galicia 2022-2030. E, así mesmo, cóntase con distintos documentos estratégicos de carácter sectorial como a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2023-2030, que marcan a folla de ruta das distintas áreas do departamento de Política Social.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

(Documento assinado digitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:34:05





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 9335
Data envío: 19/08/2024 20:33:52.758
Data 19/08/2024 20:33

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 957**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as previsiones do Goberno galego no que concirne ao impulso da reforma da Lei de inclusión social de Galicia**” convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE** que ten o seguinte contido:

“Galicia terá unha nova Lei de Inclusión Social, pero non a podía facer allea a un contexto nacional cheo de incertezas.

O Goberno central comprometeuse hai máis de dous anos a transferir o Ingreso Mínimo Vital (IMV), que é a razón de ser desta nova normativa, pero ata o pasado decembro non modificou a norma reguladora da prestación para posibilitar dita transferencia. En Galicia xa se solicitara formalmente en varias ocasións esta transferencia pero ata esta modificación legal non se produciron as condicións axeitadas para un correcto traspaso. E ata este mesmo mes de maio de 2024 non se constituíu a Comisión de Seguimiento do IMV legalmente establecida dende 2020.

Deste xeito elaboraremos un documento sen errores e dúbidas como supón o IMV do Goberno central, avanzando así nun modelo único que favoreza unha tramitación ágil, sinxela e coordinada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado digitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:33:52



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 976**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións da Xunta de Galicia realizadas con anterioridade a 2023 para comprobar o estado da ponte pola que transcorre a estrada OU-536 no concello de Xunqueira de Espadanedo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta procedeu ao peche e a habilitación dun desvío provisional, o pasado 23 de febreiro, desta ponte na OU-536 que serve como cruzamento ao río Maceda, ao detectarse danos no estribo 2, provocando a posterior derruba dos muros de acompañamiento do mesmo. Víñase realizando un control e seguimento do mesmo que permitiu adoptar esta medida a tempo e así evitando riscos para os usuarios da estrada.

As avaliaciós técnicas realizadas tralo derrubamento dos muros de acompañamiento desta ponte, construída no século XIX e ampliada a principios dos anos 80 do pasado século XX, evidenciaron a inestabilidade dos paramentos laterais destes muros a ambos os dous lados da zona derrubada, así como a deformación nos tramos de muro sen derrubar, que os invalida para aproveitalos nesa situación.

Analizadas as patoloxías detectadas, e tendo en conta que a estabilidade e capacidade resistente dos arcos da ponte non se viu afectada, ás intervencións iniciais de retirada do firme e do recheo seguen as de desmontaxe controlada dos muros de sillería afectados, a consolidación dos mesmos, e a súa reconstrucción no seu lugar empregando a mesma tipoloxía de sillería.

Deuse conta ao Consello da Xunta de 4 de abril da tramitación de emergencia das obras de reconstrución do estribo da ponte cun investimento autonómico de 2,38M€.

A desmontaxe do muro danado foi moi delicada porque era necesario asegurar a estabilidade do resto da ponte. Foise rebaixando o nivel do estribo ata chegar ao chan natural, e consolidando a ponte a medida que se baixaba con ancoraxes na fábrica e proxección de formigón con malla (gunitado) na parte do recheo do estribo. Posteriormente escaváronse as cimentacións, ata o nivel de rocha para un asentamento correcto da ponte, e en paralelo xa se fabricaba en canteira a pedra coa que reconstruir os muros de acompañamiento do estribo. Unha pedra que esteticamente é similar á da ponte, pero de maior dureza. Estase agora avanzando a bo ritmo na reconstrución dos muros".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA
Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2024 10:15:28





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 9332
Data envío: 19/08/2024 20:33:32.617
Data 19/08/2024 20:33

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1018**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a pertinencia do uso dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero para subvencionar eventos como a «cea para mulleres» convocada para o mes de maio en Ceredo-Cotobade**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDAD**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre recalcar que a organización da cea referida así como o seu financiamento, compete exclusivamente á Federación Pola Igualdade na Provincia de Pontevedra (Femupo). A Xunta de Galicia non financia de ningunha maneira este tipo de actividades tal como se comunicou a raíz da noticia nos medios de comunicación.

Desde a Xunta de Galicia afirmamos con rotundidade que as accións contra a violencia machista deben ir pola vía da concienciación sobre a igualdade entre mulleres e homes, incidindo na prevención de calquera tipo de desequilibrio, discriminación ou violencia por razóns de xénero e atendendo ás vítimas en todo o que poidan precisar para apoialas na súa independencia lonxe dos agresores.

Unhas accións que en ningún caso pasan pola celebración de eventos festivos como o sinalado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado digitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:33:32





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1046**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as medidas impulsadas pola Xunta de Galicia dirixidas á mellora da situación das familias monoparentais, especialmente das encabezadas por mulleres**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**, que ten o seguinte contido:

“A pobreza infantil é a pobreza da súa unidade familiar; precisamente por iso as medidas que se promoven desde a Dirección Xeral de Inclusión Social orientados á infancia, concíbense e desenvólvense no marco dun traballo con enfoque familiar.

E para axudar ás persoas e familias que máis o necesitan, os orzamentos da área de Inclusión Social aumentan este ano 2024 ata acadar os 153 M€. Un incremento que permite reforzar as medidas das que dispón a Xunta para apoiar ás familias galegas máis vulnerables, axustando as contías das achegas ao contexto inflacionista do conxunto do Estado

De xeito mais específico, os programas dirixidos á infancia e adolescencia no ámbito da Inclusión Social son:

Axudas a concellos para o desenvolvemento de Programas de Educación Familiar, dirixidos a familias con menores en situación ou risco de pobreza ou exclusión social.

Axudas a concellos para o desenvolvemento de actividades de reforzo educativo a menores vulnerables, inmigrantes ou poboación xitana.

Axudas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de actividades de reforzo educativo a menores vulnerables ou inmigrantes.

A Xunta de Galicia segue a apoiar aqueles fogares que peor o están a pasar a saír dessa situación e recuperar a autonomía das súas vidas. Deste xeito, incrementáronse as contías das medidas das que dispoñemos, como a Risga, as Axudas de Inclusión Social, ou o incremento do complemento autonómico das Pensións non Contributivas.

E así mesmo a Xunta ten asinado un Convenio coa Fundación LaCaixa para o desenvolvemento do Programa Caixa ProInfancia, un programa integral de intervención con nenos e nenas menores de 18 anos en situación de pobreza e vulnerabilidade e as súas familias.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 12:22:11
Nº Rexistro: 9384
Data envío: 20/08/2024 12:22:11,933

Respecto da situación das familias monoparentais, Galicia foi das primeiras comunidades autónomas de España en aprobar un certificado específico para acreditar a condición de familia monoparental, e a Xunta de Galicia leva máis dunha década emitindo estes certificados para que as familias monoparentais desta Comunidade Autónoma poidan acceder a beneficios e vantaxes como, por exemplo, a protección preferente no acceso á vivenda de protección autonómica; o feito de que a consideración de monoparentalidade téñase en conta no acceso á Renda de Inclusión de Galicia (Risga) e ás axudas de inclusión social; puntuación adicional no baremo para a adjudicación de prazas nas escolas infantís públicas de 0 a 3 anos (1^a ciclo de Educación Infantil), que son gratuítas grazas ao programa de gratuidade da Xunta de Galicia; a redución dun 20% nas tarifas de comedor nas escolas infantís públicas de 0 a 3 anos (1^a ciclo de Educación Infantil); o acceso a programas específicos, como o "Programa de Apoyo a familias monoparentais" que desenvolve a entidade Cáritas Diocesana - Santiago e que se centra en facilitar o acceso ao mundo laboral e previr situacions de risco; a preferencia no acceso en todas as quendas no programa de "Vacacións Familiares" da Xunta de Galicia nas Residencias de Tempo Libre da Xunta en Panxón - Nigrán e O Carballiño; a bonificación dos prezos para a campaña de verán nos campamentos xuvenís organizados pola Xunta de Galicia, cunha redución de ata o 50%; ou a preferencia na admisión de alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obligatoria e bacharelato.

Non obstante, a situación das familias monoparentais en Galicia está afectada polas demoras na tramitación do proxecto de Lei Estatal de Familias, que o Goberno central impulsou sen ter en conta ás comunidades autónomas pese a invadir claramente competencias que viñan exercendo as CC.AA. Neste sentido, como xa ten explicado en numerosas ocasións a Xunta de Galicia no Parlamento, por seguridade xurídica optouse por agardar á aprobación definitiva do proxecto de lei estatal -que entre outras cuestiós, aborda a condición de familia monoparental de obrigada aplicación en toda España-, toda vez que coa actual redacción do proxecto de lei centos de familias monoparentais."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2024 12:22:11





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 12:21:58
Nº Rexistro: 9382
Data envío: 20/08/2024 12:21:58,449
Data 20/08/2024 12:21

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1054**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto do envío de informes ao Parlamento de Galicia referidos á execución dos proxectos sociais dependentes de fondos europeos**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 25 de setembro de 2021, publicouse no BOE a Resolución de 11 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Derechos Sociales, pola que se publica o Convenio entre o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 coa Comunidad Autónoma de Galicia, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR); para o financiamento de proxectos de investimento do compoñente 22 “Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social” por un importe de 164,17 M €.

No ano 2023, o Consello de Ministros aprobou a proposta de distribución territorial entre as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla dos créditos para a financiación de proxectos de investimento no marco do compoñente 22 “Plan de choque para a economía dos coidados e reforzo das políticas de inclusión”; no que se lle asigna a Galicia un crédito de 68,65 M €, para o ano 2023, o que supón incrementar en 6,10 M € a contía de 62,41 M € establecida no convenio do ano 2021.

Na actualidade esta proposta está pendente de modificación por parte do Estado e aínda non está asinado a addenda de convenio entre o Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030 e a Comunidad Autónoma de Galicia, que refrende este compromiso.

Dende a consellería de Política Social e Igualdade estanse levando a cabo investimentos destinados á transformación da rede de coidados de longa duración a través da construcción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos. Tamén se están levando a cabo no ámbito da modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia, así como proxectos de innovación de servizos sociais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2024 12:21:58





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 20/08/2024 12:24:32

Nº Rexistro: 9402

Data envío: 20/08/2024 12:24:32.103

Data: 20/08/2024 12:24

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 1250**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre "as previsiones que ten a Xunta de Galicia no que atinxe á mellora da seguridade viaria na estrada PO-551 entre Bueu e Marín", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a traballar para mellorar de modo moi intenso a rede viaria de titularidade autonómica na península do Morrazo, dando así cumprimento ao seu compromiso de mellorar a dita rede tras a finalización da conversión en autovía do corredor, na que se investiron 55 millóns de €.

Deste xeito, estase a rematar o desenvolvemento do Plan de Sendas da Comarca do Morrazo, co que a Xunta está a habilitar en estradas autonómicas 8 itinerarios peónis seguros, sostibles e integrados na paisaxe, en zonas seleccionadas segundo criterios técnicos. O treito ao que se fai referencia non está incluído dentro deste Plan. Están rematadas as obras dos treitos Vilaseca–Lapamán da PO-551, Coirados–Pardavila na PO-313 en Marín, Trasouto-Alto da Portela na PO-551 en Bueu, e Bagüín - Seixo tamén na PO-551 en Marín.

Neste momento, o Plan de Sendas está a ser obxecto dunha revisión na que se valorará a incorporación de novos treitos. ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 12:24:32
Nº Rexistro: 9402
Data envio: 20/08/2024 12:24:32.103

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2024 12:24:32

33343



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1263**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as listaxes de agarda na tramitación da dependencia**” convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

“No que respecta ás listas de agarda, o Goberno galego ten o firme compromiso de seguir acurtando a espera aos galegos que agardan por un servizo, por iso, nos últimos meses:

Aprobamos un novo decreto que axiliza o procedemento e reduce a papelame. E, reforzamos os equipos de valoración, coa incorporación de máis profesionais e a creación de novos equipos.

Estamos dando grandes avances pero temos que seguir mellorando, pero para iso é necesario que o Goberno central cumpra coa Lei de Dependencia e financie o 50% que corresponde, non só o 30%.

Aínda sen apoio do Executivo central, nos últimos tres anos incrementamos nun 30% o número de expedientes resoltos. E reducimos ata o 2% a lista de espera, oito puntos por debaixo da media nacional.

Os últimos datos oficiais sobre dependencia publicados polo Imserso confirman que Galicia segue sendo unha das comunidades autónomas con melhores datos de atención cunha taxa de cobertura do 98% e máis de 74.000 persoas con servizo.

A posta en marcha de medidas como o Bono Coidado no Fogar, que ofrece axudas universais a todas as persoas que están sendo coidadas nas súas casas, independentemente do grao de dependencia ou situación económica, tamén favoreceu a redución das listas de agarda:

Desde o mes de xaneiro máis de 18.000 galegos con dependencia que están sendo atendidos nos seus fogares beneficiáñse desta prestación. Unha axuda á que o Goberno galego destina un orzamento de 100 millóns de euros neste ano 2024 e que é única en España, ningunha outra comunidade impulsa unha axuda deste tipo para todos os graos ou situación económica.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 12:24:25
Nº Rexistro: 9401
Data envío: 20/08/2024 12:24:25.275

Deste xeito, tamén se alivian moitos trámites burocráticos de persoas con dependencia que solicitan unha revisión do seu grao por agravamento da súa situación. Co Bono Coidado no Fogar todas as persoas recibirán o 100% da prestación de xeito que non será necesario que se actualice o seu estado cada certo tempo

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2024 12:24:25





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 12:24:11
Nº Rexistro: 9399
Data envío: 20/08/2024 12:24:11.900
Data 20/08/2024 12:24

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1270**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o novo modelo de coidados e de atención das residencias de maiores que defende o Goberno galego**” convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

“Queremos que as persoas maiores que viven en residencias teñan as mellores atencíons e se sintan como nas súas casas. A este obxectivo responde o novo modelo de coidados que estamos a implantar nos nosos centros.

Así: Trouxemos monitores multiparamétricos ás residencias públicas autonómicas para medir os datos da saúde dos usuarios (peso, glucosa, saturación de oxíxeno...);

Impulsamos habitacións intelixentes con pantallas táctiles e sensores que nos permitan mellorar a comunicación entre os usuarios e o persoal; e tamén facer un seguimento da temperatura, a humidade ou detectar posibles caídas dos usuarios;

Instalamos sistemas de rehabilitación virtual para mellorar as capacidades físicas e cognitivas dos usuarios e facer un seguimento da súa evolución;

E incorporamos melloras do fluxo da información que nos permite coñecer e compartir co sistema sanitario a información sociosanitaria de todos os residentes.

A estas medidas concretas súmanse os certificados de calidade, como a que recibiu a residencia pública da Estrada, a de Porta do Camiño en Santiago e a de As Gándaras en Lugo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 12:24:11
Nº Rexistro: 9399
Data envio: 20/08/2024 12:24:11.900

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2024 12:24:11

33348



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1278**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a situación xerada polo ingreso nos centros residenciais de maiores de persoas con patoloxías psiquiátricas ou outras que requiren atención específica**” convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

“A normativa vixente contempla o ingreso de persoas con patoloxías crónicas nunha residencia, e que se realiza compaxinando a súa correcta atención co benestar dos demais usuarios.

Os casos de persoas menores de 65 anos que ingresan nunha residencia de maiores responden, fundamentalmente, a situacions de emerxencia social.

A normativa vixente contempla o ingreso destas persoas nunha residencia, que se realiza compaxinando a súa correcta atención e o benestar dos demais usuarios.

Cada ingreso en residencia vén ditaminado por un equipo de valoración multidisciplinar que decide, atendendo á normativa vixente, cal é o recurso idóneo para cada persoa.

En todo caso, estes ingresos realizanse compaxinando a súa correcta atención e o benestar dos demais usuarios.

O novo modelo de residencias de Galicia inclúe a creación de unidades psicoxeriátricas especializadas tendo en conta os cambios que acontecen no envellecemento e a forma de presentación das diferentes patoloxías.

Cópre desestigmatizar ás persoas con algún problema de saúde mental se queremos apostar por unha verdadeira atención integral e integrada.

A Xunta, ante unha cuestión tan común nos nosos días, avoga pola atención, a concienciación e a sensibilización e sobre todo pola inclusión. A carteira de servizos para a atención á dependencia inclúe programas específicos para a atención psicosocial.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2024 12:23:58





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 9330
Data envío: 19/08/2024 20:33:18.680
Data 19/08/2024 20:33

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1287**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre "os prazos para a posta en marcha do futuro Centro de Atención a Pessoas con Discapacidade (CAPD) de Ourense" convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE** que ten o seguinte contido:

"O novo Centro de atención a persoas con discapacidade (CAPD) de Ourense será un centro da más alta calidade e todas as súas prazas serán 100% públicas.

Estamos traballando para poñer canto antes a disposición das familias este centro con 110 novas prazas públicas de atención diúrna e residencial.

Aínda que a previsión inicial para o remate da execución da deste centro era o mes de xaneiro de 2024, as condicións climatolóxicas nos meses de setembro, outubro e novembro foron adversas e extraordinarias respecto á serie histórica, principalmente pola choiva, o que impidiu o normal desenvolvemento dos traballos da envolvente exterior. Así mesmo, o desabastecemento de compoñentes electrónicos, que non chegaron no prazo debido, impidiu a continuación dos traballos tanto de instalacións como da obra.

Por outra banda, engadíronse traballos de adaptación da obra para a incorporación do equipamento, que derivaron na realización de modificacións:

Na execución do proxecto, resultou preciso modificar a instalación de cable estruturado do servizo de telecomunicacións.

Ademais, os traballos da compañía eléctrica para o subministro da enerxía solicitado non están executados. Todo isto obriga a que amplíe o prazo para a finalización da construcción deste centro. A dirección facultativa da obra e dirección de execución está realizando o seguimento da obra "in situ", a través dos informes mensuais que acompañan coas certificacións de obra."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:33:18



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1352**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o orzamento que prevé destinar a Xunta de Galicia á implantación de sistemas de cribado para o diagnóstico precoz do autismo"** convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDAD** que ten o seguinte contido:

"O pasado 20 de novembro de 2023, o presidente da Xunta celebrou un acto público coas principais federacións de discapacidade de Galicia para poñer en valor o acordo co que se consolida, a través da nova fórmula de concerto social, as 5.045 prazas de atención diúrna e residencial – das que 275 son para trastornos do aspecto autista - que o Goberno galego financia coas entidades sociais, dando así cumprimento a unha demanda histórica do tecido social galego da discapacidade.

Desta forma, garántase a estabilidade económica e a seguridade das entidades sociais durante os dez anos de vixencia do concerto social e favorécese unha atención de calidade aos usuarios e ás súas familias, que non terán que percorrer longas distancias para poder acceder a unha praza.

Tamén é importante subliñar que no Diario Oficial de Galicia (DOG) do 03 de maio deste ano, publicouse a resolución, tamén en réxime de concerto social, de 128 prazas públicas de atención diúrna e residencial dirixidas a persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA), discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral adquirido e discapacidade intelectual.

Ademais a ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDAD asina un convenio nominativo anual coa Federación de Autismo, para financiar o mantemento e as actividades desta entidade, que é a máxima representante das familias de persoas con TEA.



Por último, as unidades de atención temperá consisten nun conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e á súa contorna, que dan resposta canto antes ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

Sería imposible imaxinar a nosa Comunidade sen estes importantes servizos de atención, pero é importante recordar que a súa presencia nos concellos galegos é recente. Así, si no ano 2009, existían en Galicia tan só dúas unidades de atención temperá que daban cobertura a 15 vilas galegas, hoxe son 46 as unidades espalladas por toda a Comunidade que dan servizo a 200 concellos e atenden a 5.000 nenos/as."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:33:05



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 1382**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, don Iago Tabarés Pérez Piñeiro, dona Rosana Pérez Fernández, don Ramón Fernández Alfonzo, don Oscar Insua Lema e don Brais Ruanova Vilas Boas, sobre “**as modificacións orzamentarias que impulsou ou prevé impulsar o Goberno galego destinadas a executar as principais infraestruturas e actuacións comprometidas para a cidade de Ourense**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“O compromiso da Xunta de Galicia co concello de Ourense é indubidable tal e como o reflicten non só os compromisos orzamentarios se non os proxectos en execución que se están a desenvolver neste 2024 e que están a permitir mellorar os servizos e, sobre todo, a mobilidade da cidade, avanzando cara a unha maior humanización.

Así, no ámbito da vivenda vense de licitar a construcción de 64 vivendas de promoción pública en tres inmobles situados na praza Cambedo de Raia, que se destinarán a alugueiro social. Ademais, estanse a rehabilitar inmobles no casco vello e agárdase que o Concello remita o plan de dinamización para o impulso da Área Rexurbe.

A Xunta está a executar sendas peonís como a do Barbaña ou a da Avenida das Caldas ou a conexión co paseo do Barbañica, que están a transformar a mobilidade da cidade. Estanse a por en marcha proxectos de mellora de conexión entre Celanova e a fronteira portuguesa ou entre O Barco e A Gudiña, ademais do investimento de máis de 6,4 M€ investidos este ano en mellorar os firmes das vías autonómicas ao seu paso polo concello de Ourense.

Finalmente, a destacar tamén os avances no vial de acceso ao CHUO desde a N-525, cuxa redacción de proxecto ven de ser licitada; o proxecto de circunvalación leste entre Bemposta ata a A-52 ou o Novo edificio de Hospitalización e reforma do Hospital Materno-Infantil, entre outras iniciativas que a Xunta de Galicia ten en marcha na cidade das Burgas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2024 12:23:51



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1389**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o problema da perda de poder adquisitivo das pensionistas e dos pensionistas da provincia de Ourense”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"As competencias en materia de pensións son competencias estatais. Tanto a normativa reguladora como o importe das pensións contributivas e non contributivas veñen establecidos polo Goberno central.

As comunidades autónomas soamente xestionamos as non contributivas, pero en base á normativa estatal, polo que é o Goberno central o que ten que garantir unha contía adecuada das pensións que aboa.

E para reforzar o poder adquisitivo das persoas que cobran pensións non contributivas, Galicia é unha das poucas comunidades que concede, de xeito ininterrompido durante os últimos anos, o complemento autonómico das Pensións non Contributivas (PNC), unha axuda extraordinaria que non é obrigatoria, pois son os propios Executivos autonómicos as que deciden mantela.

A Xunta de Galicia destina máis de 8 millóns de euros anuais neste complemento para aumentar a súa contía e adecuala ao coste da vida e á suba xeral dos prezos.

A Administración autonómica ingresa de oficio o complemento autonómico das PNC para os 37.000 galegos beneficiarios desta prestación. Mediante esta axuda o Goberno galego reforza as pensións daquelas persoas maiores e enfermas con incapacidade ou con discapacidade que perciben o subsidio de garantía de ingresos mínimos.

Pero máis alá desta axuda concreta, a Xunta de Galicia dispón de medidas dirixidas ás persoas e familias que máis o necesitan, independentemente da súa idade ou orixe, e das fontes de financiamento coas que contén.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Para desenvolver estas medidas o departamento de Inclusión Social conta para este ano 2024 con más fondos ca nunca: 153 millóns de euros. O orzamento máis alto da historia de Galicia. Un incremento que nos permite reforzar as medidas das que dispón a Xunta para apoiar aos fogares galegos más vulnerables."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:32:51



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1418**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración e o balance da política en materia de prevención, así como de atención ás vítimas, das violencias sexuais en Galicia**”, convertida en escrita por fin do período das sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"No ano 2023 a Xunta de Galicia aprobou o Protocolo contra as violencias sexuais e de LGTBIfóbicas, nos espazos de ocio nocturno, que supuxo un gran avance na loita contra a violencia sexual así como do colectivo LGTBI, ao dotar aos establecementos que se adheriron a este programa de medios e ferramentas sobre como actuar ante un incidente sexual ou de odio ao colectivo mencionado.

De feito este protocolo tivo unha gran acollida entre os establecementos que prestan servizo de ocio nocturno, como se pode comprobar nas adhesións que fixeron as empresas. A pesar de que entrhou en funcionamento fai moi pouco tempo, case una vintena de establecementos adheríronse a este programa, sendo unhas 50 persoas as que realizaron o curso, con resultados moi positivos.

O protocolo incide na prevención e no tratamento de situacíons de violencia detectadas nos locais de ocio e divertimento. Entre os seus principios de actuación prioriza a atención á vítima, a confidencialidade e a inmediatez. Tamén facilita que os establecementos adheridos ao mesmo desenvolvan iniciativas de prevención e sensibilización.

Respecto da elaboración de estudos, temos que dicir que proximamente presentarase no parlamento o informe sobre violencias sexuais en Galicia no ano 2023, informe que nestes intres encontrase na etapa da súa elaboración.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento assinado digitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 9325
Data envio: 19/08/2024 20:32:45.040

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:32:44

33362

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 1431**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre “**as previsiones que ten a Xunta de Galicia no que concirne aos problemas de accesibilidade e seguridade xerados pola ampliación da vía de acceso ao Hospital Gran Montecelo, en Pontevedra**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

“O novo vial que da servizo ao Gran Montecelo executouse no marco do convenio asinado o 26 de xullo do ano 2016 entre a Consellería de Sanidade, o Sergas e o Concello de Pontevedra, polo que se estableceron as bases para a execución das obras de ampliación do Hospital Público Gran Montecelo, en Pontevedra. De acordo co convenio, a redacción do proxecto e a execución da obra foi levada a cabo polo concello de Pontevedra.

No marco do convenio chegouse a un acordo para que no que se refire ao vial, fose a Xunta de Galicia a que afrontase o procedemento expropiatorio, a pesar de que no convenio non estaba claramente definido, pero a Administración Autonómica entendeu que era prioritario avanzar no expediente de expropiación do vial dado o avanzado da tramitación da obra hospitalaria. A xestión da expropiación foi encomendada á AXI.

Debe ser o concello de Pontevedra, como autor do proxecto, o que realice as actuacións necesarias para resolver os problemas de acceso a fincas que se tiveran xerado. A Xunta de Galicia xa mostrou toda a súa disposición a colaborar, como foi no caso do vial, para colaborar na expropiación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado digitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2024 12:23:38





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1500**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre “**a ampliación do espazo protexido pola Rede Natura 2000 en Galicia e as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento dos obxectivos da lexislación europea en materia de rexeneración e de protección dos hábitats naturais**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**, que ten o seguinte contido:

“O Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, aprobado mediante o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, é un Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN) dos 59 ZEC (Zona Especial de Conservación) e 16 ZEPAS (Zonas de Especial Protección para as Aves) que compoñen a Rede Natura 2000 de Galicia.

Para o desenvolvemento normativo estase a levar a cabo unha serie de estudos dos distintos hábitats de interese comunitario (HIC) e das especies de interese comunitario, para a posterior elaboración dos plans de xestión para cada unha das ZEC ou ben por grupos de ZEC de características similares.

O noso compromiso coa Comisión Europea (CE) é realizar os plans de xestión de todos os espazos Rede Natura 2000 xa declarados, antes do 2027, que recollerán obxectivos e medidas de conservación a nivel de cada lugar.

Con respecto ás medidas compensatorias polas limitacións do uso dos bens e dereitos derivados da declaración do espazo, incluído na Rede galega de espazos protexidos ou dos seus instrumentos de planificación, estas veñen determinadas no artigo 35 de Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Así, calquera persoa que considere que está a sufrir unha restrición dun uso motivado pola declaración dun espazo natural protexido ou pola aprobación do seu correspondente instrumento de planificación, pode iniciar unha solicitude de axuda de acordo coa lexislación indicada. En relación con axudas que fomentan unha economía sustentable aos propietarios dos terreos, a Xunta tramita diferentes tipos de axudas agrícolas, forestais ou pesqueiras que poden beneficiar aos habitantes destes espazos.

En canto á Lei de restauración da natureza da UE, unha vez que se aprobe, a Xunta iniciará o desenvolvemento das obrigas derivadas desta normativa. Galicia, actualmente, está a desenvolver diferentes proxectos de restauración e nas axudas a investimentos non produtivos, tanto para a Rede Natura 2000, como para as Reservas da Biosfera, incluíuse unha liña de actuacións dirixida á conservación, restauración e

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



mellora da biodiversidade, especialmente dos hábitats, especies ou ecosistemas naturais, así como a aquellas actuacións que teñan un impacto favorable na mitigación e/ou adaptación ao cambio climático."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2024 12:44:08





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 9323
Data envío: 19/08/2024 20:32:29,165
Data 19/08/2024 20:32

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1536**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre "**o balance dos primeiros meses de funcionamento do Protocolo galego contra as violencias sexuais e LGTBIfóbicas**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE** que ten o seguinte contido:

"No ano 2023 púxose en marcha o protocolo contra as violencias sexuais e LGTBIfóbicas nos espazos de ocio nocturno. Examinando o seu balance podemos dicir que, a pesar do pouco tempo que leva en funcionamento, a súa implantación foi moi positiva, con case 20 establecementos adheridos.

Por outra parte, 50 persoas dos establecementos adheridos fixeron o curso de formación, e valoraron de forma moi positiva xa que entenden que era moi necesario que todo o persoal que traballa no sector do ocio nocturno o realizase. De feito, recibimos, en estes momentos, moitas peticións sobre a entrega dos diplomas acreditativos da formación recibida.

O seguimento faise a través do Observatorio de Violencia de Xénero de Galicia así como de reunións periódicas cos responsables dos establecementos adheridos, co obxectivo de identificar posibles melloras, novas accións, etc, que poderán ser realizadas en modalidade presencial e/ou en liña para facilitar a participación dos establecementos en toda Galicia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:32:29





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 1604**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Carmen María Pomar Tojo, dona María Martínez Allegue, don Javier Arias Fouz, don José Manuel Balseiro Orol, don José Silvestre Balseiros Guinarte, dona María Deza Martínez, don Rubén Lorenzo Gómez, dona Victoria Núñez López e don Roberto Rodríguez Martínez, sobre **"os avances e as tramitacións que se están a realizar para activar os treitos pendentes da autovía do baixo Miño Tui-A Guarda"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

"Co obxectivo de seguir avanzando na mellora da conectividade e da seguridade viaria de Galicia, a Xunta de Galicia está a levar adiante proxectos coma o da autovía Tui-A Guarda a través dunha execución por treitos que está a permitir mellorar a viabilidade de execución e reducir o seu impacto.

No caso deste vial, no que vai de ano conseguiuse aprobar a totalidade dos treitos que estaban pendentes. Obviamente, todos eles están en diferentes fases: pendentes de aprobación do trazado, pendentes de licitación ou pendentes da Declaración de Impacto Ambiental pero estase avanzando na execución dunha autovía que está a mellorar a mobilidade da comarca do Baixo Miño.

De feito os avances foron notables este ano, coa apertura en febrero do pequeno treito inicial da autovía, o enlace entre a A-55 e o Polígono de Areas, cun investimento de 25,8M€ e unha lonxitude de 630m. Ese mesmo mes aprobouse en Consello da Xunta o Proxecto de Trazado para o treito entre a PO-350 e Estás, 8,2 quilómetros e case 73M€ de investimento que se traducen nun treito de novo trazado que permitirá enlazar a PO-350 dirección A Guarda, atravesando o val da Ponte, Ponte -Carregal ata chegar ao terceiro dos enlaces que dá servicio ao Seixo, cruza o rego do Prego ata conectar finalmente coa PO-552 mediante a glorieta de Estás:

En abril a Xunta de Galicia licitou as obras de acondicionamento das vías próximas ao enlace da Autovía Tui-A Guarda coa A-55 en Tui co obxectivo de mellorar as condicións das vías afectadas pola conexión posta en marcha en febreiro. Cun investimento de case 1M€ sobre un treito da N-511 facendo beirarrúas e mellorando o aparcamento, ademais de mellorar firme e instalación dunha parada de bus así como unha nova rede de pluviais e de alumeados, obras que comenzaron a executarse en xullo de 2024".





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 12:23:26
Nº Rexistro: 9392
Data envío: 20/08/2024 12:23:26,510

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2024 12:23:26



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1803**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o estado actual da rúa da Granxa, en Ourense, no referido á seguridade viaria**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia levou a cabo nos últimos meses unha actuación de mellora da seguridade de 6 pasos de peóns na travesía da OU-101 en Ourense, denominada, Rúa da Granxa, para unha maior visibilidade dos peóns para cruzar a estrada, e tamén unha mellor accesibilidade. Un dos pasos de peóns sobreelevouse, para reducir a velocidade, e renovouse a capa de rodaxe nunha lonxitude de 900 metros.

A mellora de accesibilidade foi especialmente intensa na intersección coa rúa Carvalho Calero, deseñada en coordinación co Concello de Ourense porque presentaba nas dúas beiras uns chanzos inaccesibles e de nula utilidade.

Nas dúas beiras desta intersección elimináronse os chanzos e materializáronse novas beirarrúas mais anchas en rampla que permiten a continuidade e accesibilidade do tránsito peonil ao longo da rúa da Granxa, evitan o aparcamento incontrolado e permiten a baixada accesible cara a Carvalho Calero, cuxo desnivel protexeuse cunha varanda”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2024 10:15:16





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2024 12:43:55
Nº Rexistro: 9524
Data envío: 22/08/2024 12:43:55,460
Data 22/08/2024 12:43

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1861**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema e dona Rosana Pérez Fernández,, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación co inicio das obras do porto mixto de Corcubión"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"En setembro de 2023 Portos de Galicia inicia a tramitación ambiental do proxecto solicitando á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Xunta de Galicia a tramitación ambiental simplificada do proxecto, a fin de axilizar o prazo de tramitación dos traballos.

O 21 de marzo de 2024 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental resposto, a través de resolución no DOG, a esta solicitude informando de que non é posible a tramitación ambiental simplificada polos posibles efectos adversos sobre o medio ambiente polo que o proxecto debe someterse a avaliación de impacto ambiental ordinaria. Isto implica unha dilatación dos prazos e condiciona o avance da tramitación á obtención dos documentos requeridos na tramitación ordinaria.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e non outro é o órgano competente para emitir informe sobre as posibles afectacións a actividade extractiva e exerceu a súa responsabilidade como corresponde.

Portos de Galicia traballa a día de hoxe na documentación necesaria para completar a tramitación ambiental ordinaria. Os Orzamentos da Xunta contemplan xa unha partida plurianual específica para o porto mixto que se axusta á tramitación regrada que ten que cumplir o proxecto, establecendo as contías necesarias en cada anualidade para as accións que efectivamente poidan levarse a cabo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2024 12:43:55





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2024 13:20:51
Nº Rexistro: 9542
Data envío: 22/08/2024 13:20:51:823
Data 22/08/2024 13:20

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1828**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"as xestións que a Xunta de Galicia está a realizar ante o Goberno central para impulsar un novo convenio que prorrogue as compensacións económicas ao sector marisqueiro da ría do Burgo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 18 de xuño de 2024, no debate da iniciativa con número de rexistro, 2535, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZTc2OTIyYWUtOGMxOC00ZDU4LWI1ZmEtYzA3Yzg3N2I1Mjlw&start=1825](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTc2OTIyYWUtOGMxOC00ZDU4LWI1ZmEtYzA3Yzg3N2I1Mjlw&start=1825)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as actuacións que prevé desenvolver a Consellería do Mar relativas á recuperación marisqueira da ría do Burgo e as axudas para as mariscadoras e os mariscadores nos períodos de inactividade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2024 13:20:51





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2024 13:20:42
Nº Rexistro: 9541
Data envío: 22/08/2024 13:20:42,745
Data 22/08/2024 13:20

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1936**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a negociación entre o Goberno galego e o Ministerio do Interior da renovación do convenio que regula a Unidade de Policía Adscrita de Galicia co fin de poder incrementar os seus efectivos**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 1938, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 58, do 1 de agosto de 2024, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2024 13:20:42



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 1977**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, don Carlos López Font e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre “**a eficiencia económica do modelo de colaboración público-privada que mantén a Xunta de Galicia na construcción e explotación das autovías galegas**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

“As argumentacións da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e da Axencia Galega de Infraestruturas remitíronse ao anteproxecto de informe do Consello de Contas, e foron publicadas xunto ao devandito informe do Consello de Contas, nas páxinas 135 a 183 do documento publicado.

Adxuntamos enlace de consulta do citado documento:

https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/documents/2023/20231026_Informe_Informe_de_fiscalizacion_1902022-04_D_Informe_eficiencia_colaboracion_publico_privadas_autovias_gallegas_C.pdf.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2024 12:21:35





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 2042**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e don Paulo Ríos Santomé sobre **"as previsions que ten a Xunta de Galicia en relación coa análise e a prevención da sinistralidade nas estradas fóra do que recolle o Plan de seguridade viaria"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

"No ano 2023 houbo un descenso do número de falecidos (88) con respecto ao ano 2022 (90) é dicir un 2,3% menos. Pero estas cifras son moi superiores aos 77 do ano 2021 e aos 70 do 2020, anos marcados pola pandemia, e tamén ao ano 2017 (76), que foi o mellor ano da serie histórica sen considerar a pandemia. Altibaixos nos últimos anos: a cifra do ano 2023 é igual á do 2019 (88), e inferior á de 2018 (104) aínda que moi lonxe dos 144 de 2011 e dos 380 de 2000.

Continúa a ser preocupante a relaxación nos usuarios das estradas en relación ao cumprimento de normas que se consideran como básicas, cinto de seguridade e consumo de drogas ou alcohol. -tamén preocupa o agravamento das distraccións, unha da primeiras causas concorrentes dos falecidos en accidentes, entre outros polo uso do móvil ao volante.

A Xunta ten aprobado un Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2022-2025 que establece a "visión 0", de conseguir que a longo prazo non haxa vítimas de accidentes de tráfico nas estradas. O Plan recolle as propostas do Goberno Galego en materia de seguridade viaria.

Está previsto realizar, no último trimestre desde ano, un Informe de seguimento do Plan de seguridade viaria, para o que se convocará de novo ás administracións e aos axentes sociais implicados na seguridade viaria de Galicia, co obxecto de poder detectar novas accións relacionadas coa seguridade que non estiveran incluídas inicialmente no Plan ou corrixir algúna medida establecida que puidera estar mal formulada ou que se poida substituír por outra con máis necesidade.

Ademais, todos os anos a Axencia Galega de Infraestruturas edita a Memoria de seguridade viaria, que recolle unha comparativa dos accidentes con vítimas dos cinco anos anteriores e unha análise polo miúdo dos accidentes rexistrados no ano anterior á súa edición. A súa finalidade é caracterizar a accidentalidade en Galicia e, más concretamente, na rede de estradas de titularidade autonómica. Un dos obxectivos desta análise é poder tomar as medidas oportunas para reducir o número de accidentes así como a gravidade destes e como obxectivo prioritario, a eliminación dos treitos de concentración de accidentes.



O Consello da Xunta autorizou a Estratexia de actuación en treitos de concentración de accidentes e treitos de alto potencial de mellora para o período 2024-2027, no que se investirán máis de 23,5 millóns de euros, para reforzar a seguridade viaria en 130 treitos ao longo de máis de 500 quilómetros de estradas autonómicas.

No Plan de seguridade viaria 2022-2025 xa aparecen accións para atender ás vítimas de accidentes de tráfico e aos seus familiares. ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2024 12:21:23



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 2117**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, don Carlos López Font, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Paloma Castro Rey, sobre "**a xestión das axudas á mocidade derivadas do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

" Esta iniciativa coincide na súa exposición coa Interpelación 2116 (12/INT000145) do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia publicada no BOPG nº20f1, do 02.05.2024, e que foi contestada pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas no Pleno do 15 de maio de 2024, á que nos remitimos.

Tal e como explicou a conselleira na súa intervención, a Xunta fixo unha xestión exemplar na xestión do Bono de Alugueiro para a Mocidade Galicia que optimizando ao máximo eses fondos e chegando ao máximo número de beneficiarios. O número de axudas concedidas superou as 5.200 estando a totalidade dos bonos pagados e notificadas as resolucións a todos os solicitantes. A continuación enlazamos a interpelación completa que pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NWEyZjI2NjQtZTJmMi000GMwLWlyOTgtNzA2Yjk4MmY0OWMw&start=4028>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:32:22





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 2128**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outras deputadas do mesmo grupo, “**o contido e o estado de elaboración da nova proposta de ampliación da Rede Natura 2000 para a redacción do Marco de acción prioritaria 2021-2027**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DE CAMBIO CLIMÁTICO**, que ten o seguinte contido:

“O Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, aprobado mediante o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, é un Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN) dos 59 ZEC (Zona Especial de Conservación) e 16 ZEPAS (Zonas de Especial Protección para as Aves) que compoñen a Rede Natura 2000 de Galicia.

O Plan Director da Rede Natura 2000 é, polo tanto, o instrumento de planificación de todos estes espazos naturais protexidos en Galicia.

Para o desenvolvemento normativo estase a levar a cabo na actualidade unha serie de estudos dos distintos hábitats de interese comunitario (HIC) e das especies de interese comunitario, para a posterior elaboración dos plans de xestión para cada unha das ZEC ou ben por grupos de ZEC de características similares.

O compromiso da Xunta de Galicia coa Comisión Europea (CE) é realizar os plans de xestión de todos os espazos Rede Natura 2000 xa declarados, antes do 2027, que recollerán obxectivos e medidas de conservación a nivel de cada lugar.

Con respecto á ampliación da Rede Natura 2000 é preciso ter en conta que o 12% da superficie galega (355.000 hectáreas) está dentro desta Rede, o que sitúa á Comunidade na media das rexións atlánticas, que se move entre o 10% e o 15%. De feito, 9 países da UE —Finlandia, Malta, Lituania, Francia, Irlanda, Bélgica, Suecia, Letonia e Dinamarca— teñen unha porcentaxe de territorio en Rede Natura similar á de Galicia.

Polo tanto, Galicia non é unha excepción en Europa e tendo en conta a superficie neta incluída en Rede Natura, hai moitas comunidades por debaixo de Galicia.

Ademais, Galicia conta cun alto nivel de protección da súa biodiversidade, xa que o 42% do noso territorio está amparado baixo algúna figura de protección”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2024 12:43:24
Nº Rexistro: 9519
Data envío: 22/08/2024 12:43:24.554

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2024 12:43:24



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 2152**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, dona Montserrat Valcárcel Armesto, don Iago Suárez Fernández e don Luis Bará Torres sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para o inicio das obras da segunda fase da autovía Nadela-Monforte”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

“O compromiso da Xunta coas comarcas de Sarria e Lemos quedou claro coa inauguración de 28 km de VAP entre Sarria e Monforte: más de 250 M€ de investimento que permitiron unir Lugo con Monforte en pouco más de media hora.

Actualmente está en servizo o treito máis prioritario dende o punto de vista da seguridade viaria, entre A Pobra de San Xiao e Sarria e xa están en marcha os trámites de información pública e avaliación ambiental do segundo tramo da nova autovía AG-22, o comprendido entre A Pobra de San Xiao e Nadela, o cal suporá un investimento de 35 M€ e que se considera o prioritario.

Está previsto iniciar desta segunda fase ao longo do ano 2026, unha vez completados todos os trámites administrativos necesarios. Unha vez rematada a totalidade do itinerario, os tráficos entre Ourense e Lugo, así como os das comarcas de Valdeorras e Ribeira Sacra coa capital de provincia reducirán os seus tempos e mellorarán a seguridade viaria, ao mesmo tempo que tamén se permitirán intercambios en tempos reducidos entre os Camiños Primitivo, Francés e de Inverno.

Con este novo paso dáse continuidade ao primeiro treito comprendido Nadela e Sarria Centro que leva operativo dende finais de novembro do 2022 e se sigue avanzando na vertebración desta comarca.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado digitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:32:08



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 2157**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"a política de restauración e protección que prevé desenvolver o Goberno galego respecto dos hábitats de matogueiras e queirogaís de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia na actualidade está a avaliar a memoria final do contrato referido para a súa integración nos futuros plans de xestión dos espazos da Rede Natura 2000 e a determinación das medidas de conservación a aplicar.

A planificación da Dirección Xeral de Patrimonio Natural contempla, así mesmo, a realización dos Plans de xestión para cada unha das Zonas de Especial Conservación (ZECs). A través destes plans garantírase a protección, a restauración e o tipo de manexo axeitado para os hábitats de interese comunitario de matogueiras.

A previsión para a elaboración destes plans específicos para cada unha das ZECs é que estean dispoñibles durante o ano 2027. Esta previsión foi comunicada, de feito, á Comisión Europea e é o compromiso que ten a Xunta de Galicia.

Por outra parte, os espazos naturais protexidos da Rede Natura 2000 declaránse para acadar uns obxectivos de conservación para as especies e hábitats de interese comunitarios recollidos na Directiva Hábitats e para as especies de aves recollidas na Directiva Aves. Os hábitats de matogueira inclúense entre os hábitats motivo de designación da maioría de ZECs galegas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2024 12:41:48
Nº Rexistro: 9515
Data envio: 22/08/2024 12:41:290

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2024 12:41:48

33394

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 2176**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"as previsiones que ten o Goberno galego no que atinxe ao remate da autovía da Costa da Morte"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa é de contido moi similar á Pregunta formulada polo trámite de Urxencia nº3169 (12/PUP-000015) do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego en relación coa construcción do treito da autovía da Costa da Morte entre Salto (Zas) e Berdoias, e que foi obxecto de resposta por parte da Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas no Pleno do 15 de maio.

A continuación remitimos o enlace da intervención:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/s/nfVyg1H4hUo9EZbEczm3K8r8BNssM44lqkjl6IYlfXYwtd10>.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:32:01





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2024 10:15:03
Nº Rexistro: 9445
Data envío: 21/08/2024 10:15:03,379
Data 21/08/2024 10:15

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 2239**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e don Luis Bará, sobre **"as peticións da veciñanza de Areas, no concello de Tui, respecto do proxecto de acondicionamento da estrada N-551"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O proxecto obxecto da pregunta comprende diferentes actuacións complementarias da obra do enlace da VAC Tui – A Guarda coa A-55 e o polígono de Areas, que dende este mes de febreiro está en servizo como o punto de partida da autovía AG-42 sendo a actuación máis complexa de toda a traza.

Comprende actuacións de mellora do firme na A-55, no vial do Polígono de Areas polo que se desviou o tráfico, a consolidación das glorietaas provisionais que se habilitaron durante as obras e que funcionaron satisfactoriamente, a mellora do firme en varios viais da contorna das obras, e a mellora do treito da N-551 entre os antigos ramais do enlace coa A-55.

Este treito, era e aínda é de titularidade do Estado, e é evidente que de terse formulado estas demandas ante a administración titular, non se consideraron no pasado. A propia redacción das solicitudes dos veciños e esta mesma pregunta é un recoñecemento á labor da Xunta de Galicia como administración más próxima e sensible ás demandas dos veciños, xa que agora parece que si é factible que sexan escoitados. De feito, o propio proxecto recolle a mellora deste treito, dispoñendo un paso de peóns onde non o había, habilita beirarrúas accesibles onde tampouco as había ou eran intransitables, dispón unha nova parada de autobús, e mellora a seguridade da glorieta. As demandas adicionais dos veciños que sexa posible implantar nesta fase, nomeadamente o paso de peóns, estudaranse dende o punto de vista da seguridade viaria. Outras demandas formuladas corresponden á administración do Estado por referirse ao tramo que seguirá sendo da súa titularidade.

En canto á antiga saída da A-55, poñerase a disposición do Concello de Tui xa que pode ser unha oportunidade interesante dende diferentes puntos de vista, en relación co Polígono de Areas, pero corresponde ao propio concello reflexionar sobre a súa utilidade".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2024 10:15:03





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 9316
Data envío: 19/08/2024 20:31:42,744
Data 19/08/2024 20:31

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 2341**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o cumprimento das políticas anunciadas polo Goberno galego en materia de prevención da soildade non desexada**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE** que ten o seguinte contido:

“ A elaboración da Estratexia contra a Soidade non Desexada é un proceso complexo e laborioso que require da participación de múltiples actores.

A Dirección Xeral de Maiores e Asistencia Sociosanitaria da Consellería de Política Social e Igualdade traballa para finalizar canto antes dita estratexia e así poder presentala no Parlamento de Galicia, para o que se están adicando os máximos recursos disponibles.

A Xunta de Galicia segue a traballar en medidas encamiñadas a unha loita fronte a este fenómeno, con distintas iniciativas como a creación e ampliación das casas maior, que este ano esperase acaden as 143 en toda Galicia, a posta en marcha do Carné +65 a través do cal os nosos maiores poden acceder a vantages e descontos en viaxes, balnearios, lecer.... fomentando así o envellecemento activo. Tamén, a través de programas de formación con entidades tales como ATEGAL, o IV Ciclo das distintas universidades de Galicia..

Polo tanto, existe un compromiso firme do Goberno galego en combater a soidade non desexada, a través de múltiples iniciativas xa en curso e outras que serán anunciadas en breve.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado digitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:31:42



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 2345**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as políticas sociais anunciadas e non desenvolvidas áinda pola Xunta de Galicia**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

“Galicia terá unha nova Lei de Inclusión Social, pero non a pode facer allea a un contexto nacional cheo de incertezas.

O Goberno central comprometeuse hai máis de dous anos a transferir o Ingreso Mínimo Vital (IMV), que é a razón de ser desta nova normativa, pero ata o pasado decembro non modificou a norma reguladora da prestación para posibilitar dita transferencia. En Galicia xa se solicitara formalmente en varias ocasións esta transferencia pero ata esta modificación legal non se produciron as condicións axeitadas para un correcto traspaso. E ata este mesmo mes de maio de 2024 non se constituíu a Comisión de Seguimiento do IMV legalmente establecida dende 2020.

Respecto da situación das familias monoparentais, Galicia foi das primeiras comunidades autónomas de España en aprobar un certificado específico para acreditar a condición de familia monoparental, e a Xunta de Galicia leva máis dunha década emitindo estes certificados para que as familias monoparentais desta Comunidade Autónoma poidan acceder a beneficios e vantaxes como,

Non obstante, a situación das familias monoparentais en Galicia e as actuacións de desenvolvemento da Lei de Impulso Demográfico están afectadas polas graves demoras na tramitación do proxecto de Lei Estatal de Familias, que o Goberno central impulsou sen ter en conta ás comunidades autónomas pese a invadir claramente competencias que viñan exercendo.

Neste sentido, como xa ten explicado en numerosas ocasións a Xunta de Galicia no Parlamento, por seguridade xurídica optouse por agardar á aprobación definitiva do proxecto de lei estatal -que entre outras cuestións, aborda a condición de familia monoparental de obrigada aplicación en toda España-, toda vez que coa actual redacción do proxecto de lei que impulsa o Goberno central existen centos de familias monoparentais en Galicia que deixarán de ter a condición e a protección que na actualidade si lles outorga o certificado emitido pola Xunta de Galicia.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 9315
Data envío: 19/08/2024 20:31:35.400

En todo caso, non é responsabilidade da Xunta de Galicia o retraso de case tres anos que se acumula na aprobación da Lei estatal de familias por parte do Goberno, nin o seu impacto negativo deste retraso sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia.

Por outro lado, a elaboración da Estratexia contra a Soidade non Desexada é un proceso complexo e laborioso que require da participación de múltiples actores.

A Dirección Xeral de Maiores e Asistencia Sociosanitaria da Consellería de Política Social e Igualdade traballa para finalizar canto antes dita estratexia e así poder presentala no Parlamento de Galicia, para o que se están adicando os máximos recursos dispoñibles.

Goberno de Alfonso Rueda foi pioneiro en iniciar o camiño cara o novo modelo de coidados, que hoxe xa está a ser unha realidade con medidas como o aproveitamento das novas tecnoloxías en beneficio do usuario.

A residencia de maiores Volta do Castro (Santiago) é a primeira na que completamos a dixitalización. Un proceso que estamos a levar a cabo en todas as residencias públicas da Xunta."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2024 20:31:35





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 2461**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, dona Iria Taibo Corsanego e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre “**a porcentaxe que, dentro do conxunto da vivenda protexida que se prevé desenvolver nesta lexislatura na Coruña, será de promoción pública en alugueiro**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Na Coruña o IGVS está a construír vivendas de promoción pública en todas as parcelas dispoñibles propiedade da Xunta no barrio de Xuxán.

Xa foron entregadas aos seus adxudicatarios as primeiras 40 vivendas de promoción pública construídas en Xuxán.

Ademais, están adxudicadas as obras de construcción doutras 40 vivendas. O inicio de obras realizarase en canto se dispoña da licenza municipal.

E o 24 de maio de 2024 licitouse a obra de construcción doutras 50 vivendas de promoción pública

Está previsto licitar proximamente a redacción do proxecto de construcción doutras 14 vivendas, esgotándose así o solo dispoñible.

En total, serán 144 vivendas, cun investimento de máis de 23 millóns de euros.

Por outra parte, a Xunta adxudicou en dereito de superficie cinco parcelas en Xuxán destinadas á construcción de 256 vivendas protexidas en réxime de cooperativa, destinadas exclusivamente ao alugueiro. Pasado o período de concesión das parcelas, as vivendas integraranse no parque público de vivenda da Xunta de Galicia.

Co obxectivo de dotar á Coruña de máis vivendas protexidas e de promoción pública, o IGVS propuxo ao concello a modificación do uso de dúas parcelas propiedade da Xunta que estaba previsto destinar a oficinas. A modificación do PXOM, para a que o IGVS xa presentou a documentación necesaria, permitirá construír 520 novas vivendas protexidas nas dúas parcelas da Xunta e 40 nunha parcela do concello.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2024 12:41:36
Nº Rexistro: 9513
Data envío: 22/08/2024 12:41:36,493

A Xunta ten o compromiso de acadar 8.000 vivendas públicas nesta lexislatura e, en función da demanda rexistrada, unha parte das mesmas estarán na Coruña e a súa área”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2024 12:41:36



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 2531**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a adecuación dos recursos dos xulgados dos partidos xudiciais de Monforte, Sarria, Chantada e Viveiro ao crecente volume de traballo que soportan**” convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 2532, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 58, do 1 de agosto de 2024, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2024 13:20:29





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 9313
Data envío: 19/08/2024 20:31:21.884
Data 19/08/2024 20:31

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 2544**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, don Paulo Ríos Santomé e don Alexandra Fernández Gómez sobre “**a nova convxuntura aberta pola postura da Comisión Europea respecto das prorrrogas da concesión da AP-9**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“ Hai tempo que a Xunta insta ao Goberno a revisar os acordos con Audasa e adoptar medidas ante as evidencias dun excesivo enriquecemento da concesionaria, que segue incrementando os beneficios mentres sube as tarifas cada ano.

O Goberno galego leva case 15 anos reclamando a transferencia da AP-9 a Galicia para acadar unha xestión máis eficiente e pegada ao territorio. Continuará demandando o traspaso, acompañado dos recursos económicos para a súa xestión e a execución das obras pendentes.

Pero ao respecto das prorrrogas, é o Goberno central o que ten é que dar explicacións, ser transparente e informar sobre o expediente dos procedementos abertos en Bruxelas, do que a Xunta só ten coñecemento a través da información que sae publicada nos medios.

En todo caso, estamos ante a apertura do segundo expediente de infracción ao Goberno por vulneración da legislación comunitaria sobre contratación pública e da normativa sobre a concesión de autoestradas coas prorrrogas da AP-9.

